

A lingua literaria na época de Rosalía

Ramón Lorenzo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

LORENZO, RAMÓN (2012 [1986]). “A lingua literaria na época de Rosalía”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 7-41. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2013>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

LORENZO, RAMÓN (1986). “A lingua literaria na época de Rosalía”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (III). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 7-41.

* Edición dispoñíbel desde o 23 de xullo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

A LINGUA LITERARIA NA ÉPOCA DE ROSALÍA

RAMÓN LORENZO
Universidade de Santiago

Neste traballo quero facer unha serie de consideracións sobre a lingua literaria na época de Rosalía e ve-la postura que adoptan algúns dos escritores máis representativos.

Escribir en galego non era doado no séc. XIX por infinidade de razóns. A lingua estaba nunha situación de total desprestixio social e perdérase toda tradición escrita. Había que empezar de cero e rachar ese pano escuro e tupido da indiferencia ou do desprecio. Poucos estaban con ganas e con forzas para facelo, porque mesmo chegaba a ser motivo de desconsideración persoal.

Olla-lo panorama lingüístico de Galicia nos comezos do séc. XIX é desolador. A maioría da poboación era de fala galega, pero a lingua da cultura era exclusivamente o castelán, porque a minoritaria clase dominante non quería saber nada do galego. Como dicía Martelo-Paumán

“Como ninguen gallego fala agora
si non os labradores, xornaleiros,
e toda a xente ruda, e non señora,
e en castellano solo os cabaleiros
e a xente sabidora” (1).

Realmente resulta incompreñsible como unha comunidade puido ir deixándose dominar por unha lingua allea ata consentir que o seu propio idioma quedase convertido nun dialecto desprestixiado e despreciado.

As causas viñan de vello e non vou entrar na análise delas. Só indicarei que empezaron xa no séc. XIII, con Fernando III de Castela. Desde o XIII comeza a presión do castelán, que se vai introducindo en Galicia cada vez máis ó longo de toda a época medieval en tódolos elementos do Poder: a Igrexa, a Administración, a Xusticia, as Institucións Militares... Tódolos elementos do poder van penetrando desde Castela e impondo o castelán como lingua de cultura. Xa na Idade Media, repito, e por iso se chega a esta contraposición alucinante:

galego igual a desprestixio social (máis lingua da maioría dos habitantes)
castelán igual a prestixio (aínda que lingua dunha parte minoritaria da poboación).

(1) Evaristo Martelo-Paumán, *Liricas gallegas*, La Coruña, Imp. de Viuda de Ferrer e hijo, 1894, p. 116.

O castelán está co poder e a súa actuación será desde o poder. Os casteláns-falantes non necesitan rebaixarse a falar galego, porque ordenan e mandan; só os galegos teñen que desembocar no castelán se queren gañar consideración social.

Isto aconteceu durante séculos. De aí que non nos extraña o feito de que se fale a reo negativamente da nosa lingua. E xa desde os primeiros tempos.

Xosé Luís Pensado lembra o caso de Micer Gonzalo de Santa María, quen, no prólogo á súa obra *Las Vidas de los Santos Religiosos* (entre 1486 e 1491), escribe:

“Hay allende esso en la misma *Castilla*, como son diuersos reynos en vno ayuntados, algunas tan *grosseras e ásperas* lenguas como es *Galizia, Uizcaya, Asturias e Tierra de Campos*, que ni aquellas ni *lo muy andaluz* es houido por *lenguaje esmerado*. Ca lo vno de *muy grueso e rudo* se pierde, e lo otro de *muy morisco* en muchos vocablos a penas entre los mismos castellanos se entiendo” (2).

Esta consideración da lingua coma dialecto “groseiro” e “áspero” xa non deixará ó galego e empeza precisamente a difundirse nunha época clave: o século XVI. Este século foi unha das grandes ocasións perdidas para o noso idioma. Como sabemos, o séc. XVI representa o grande avance das linguas vernáculos sobre o latín, mais deste movemento xa non participa a nosa lingua. Durante o período medieval “emparedada” entre o castelán e o latín (3), xa no séc. XVI non haberá ninguén que se preocupe dela e, en todo caso, se alguén o fai, será para vilimpendiala. E isto nunha época transcendental, en que se fixan as linguas modernas fronte ó sistema medieval. Así, mentres poño por caso, en Italia, Pietro Bembo escribe *Prose della volgar lingua* (1525) (4) ou en Francia Du Bellay *La Deffence et Illustration de la langue françoise* (1549) (5), ou xa na Península Ibérica publica en 1492 a súa *Gramática Castellana* (6), na que fala da lingua coma compañeira do Imperio, en Galicia non se fai nada.

En todo o séc. XVI e no XVII hai unha serie de tratados gramaticais sobre o castelán e tamén en Portugal sobre o portugués. Aquí xa temos en 1536 a *Grammatica*

(2) J. L. Pensado, “Evaluación del asturiano entre las lenguas de España”, en *Lietres Asturianas* 1, p. 30; tamén en *Tradicón, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris*. Edición preparada por D. Kremer e R. Lorenzo, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Santiago, 1982, p. 86.

(3) Cfr. Xosé Filgueira Valverde, “O galego escrito, entre o latín e o castelán, no medievo”, en *Tradicón, actualidade e futuro do galego*, pp. 127-130, esp. p. 128.

(4) Pietro Bembo, *Prose della volgar lingua*, Venezia, 1525; cfr. *Prose della volgar lingua*. Introd. e note di Carlo Dionisotti-Casalone. Unione tipografico-editrice Torinese, Torino, 1931.

(5) Joachim Du Bellay, *La Deffence, et Illustration de la Langue Françoise*, Paris, 1549; éd. critique par Henri Chamard, Paris, 1904 (reimpresión, Slatkine Reprints, Genève, 1969).

(6) Antonio de Lebríxa, *Gramática castellana*, Salamanca, 1492 (ed. facsimilar de España-Calpe en 1976); cfr. *Gramática de la lengua castellana (Salamanca 1492)*. *Muestra de la Istoria de las Antigüedades de España. Reglas de Ortographía en la lengua castellana*. Edited, with an Introduction and Notes, by I. González-Llubera, Oxford, 1926; *Gramática castellana*. Texto establecido sobre la ed. “princeps” de 1492 por Pascual Galindo Romeo y Luis Ortiz Muñoz, con una introducción, notas y facsimil. Madrid, 1946; *Gramática de la lengua castellana*, Edición preparada por Antonio Quilis, Editora Nacional, Madrid, 1980.

da *lingoagem Portuguesa*, de Fernão de Oliveira (7); en 1540 a *Grammatica da Lingua Portuguesa* (8), así como o *Diálogo em louvor da nossa linguagem* (9), de João de Barros, para seguir coa *Origem da lingua portuguesa* (1606) (10) e a *Orthographia da Lingua Portuguesa* (1576) (11), de Nunes de Leão. E así de seguido, pois desde o séc. XVI o port. non deixou de ter cultivadores dos estudos gramaticais.

Co descubrimento da imprenta, estas obras acadan unha maior difusión e poden utilizalas tódolos estudiosos do idioma. Pero en Galicia non se fai nada diso e os libros que se publiquen aparecerán xa en castelán ou en latín. Por iso en Castela ou en Portugal se vai avanzando cara a unha unificación da lingua literaria e os escritores terán elementos abondos para escribir conforme a unhas regras e uns principios xerais.

O mesmo acontece co suplemento necesario que forman os dicionarios. O castelán adiantase cos de Nebrixa (12) e Alonso de Palencia (13), a fins do séc. XV; en Portugal hai que agardar ó XVI, co de Cardoso (1563) (14), aparecendo algún tempo

(7) Fernão d'Oliveira, *Grammatica da lingoagem portuguesa*. Lisboa, 1536, 2ª ed., publicada por diligencias e traballo do Visconde d'Azevedo e Tito de Noronha, Porto, 1871; 3ª ed. feita de harmonia com a primeira (1536) sob a dirección de Rodrigo de Sá Nogueira, Lisboa, 1936; Olmar Guterres da Silveira, *A "Grammatica" de Fernão d'Oliveira*. Apreciação - Texto reproducido do da 1ª edición (1536). Rio, 1954; *A gramática da linguagem portuguesa de Fernão de Oliveira*. Introducción, lectura actualizada e notas por Maria Leonor Carvalhão Buescu, Imprensa Nacional - Casa da Moeda, Lisboa, 1975; cfr. Edición fac-similada, Biblioteca Nacional, Lisboa, 1981.

(8) João de Barros, *Grammatica da Lingua Portuguesa*, Olyssippone, 1540; *Compilação de Varias Obras do insigne portuguez Joam de Barros...* agora reimpressas em beneficio público pelos Monges da Real Cartucha de N. S. da Escada do Ceo, Lisboa, 1785; *Gramática da língua portuguesa*, 3ª ed. Organizada por José Pedro Machado, Lisboa, 1957; 4ª ed. Lisboa, Faculdade de Letras, 1971 (por Maria Leonor C. Buescu).

(9) Publicouse xuntamente coa *Grammatica* en 1540 (tamén na *Compilação* de 1785); cfr. ed. de L. Pereira da Silva, Coimbra, 1917; João de Barros, *Diálogo em louvor da nossa linguagem*, Lettura critica dell'edizione del 1540 con una introduzione su *La questione della lingua in Portogallo* a cura di Luciana Stegagno Picchio, Modena, 1959.

(10) Dvarte Nvnez do Lião, *Origem da lingua portvguesa...* Dirigida a el Rei Dom Phillippe o II de Portugal nosso senhor, Lisboa, 1606; *Origem e orthographia da lingua portvguesa* por Duarte Nunes do Leaõ. Nova ed. correcta, e emendada, Lisboa, 1784; nova ed. correcta, e emendada, conforme a de 1784. Lisboa, 1864; *Origem da lingua portuguesa*. Quarta edição, conforme a primeira. Com estudo preliminar e anotações de José Pedro Machado, Lisboa, 1945.

(11) Dvarte Nvnez do Lião, *Orthographia da Lingoa Portvgvesa*, Lisboa, 1576; cfr. as edicións de 1784 e 1864 na nota anterior.

(12) Antonio de Nebrija, *Dictionarium ex hispaniensi in latthum sermonem*, s. a. (¿1495?). Edición facsimilar da Real Academia Española, Madrid, 1951. Tamén *Vocabulario de romance en latin*. Transcripción crítica de la edición revisada por el autor (Sevilla, 1516) con una introducción de Gerald J. Macdonald, Editorial Castalia, Madrid, 1981. Xa antes publicara o *Lexicon ex sermone Latino in Hispaniensem*, Salamanca, 1492 (edición facsimilar de G. Colón e A.-J. Sobranas, Barcelona, 1979).

(13) Alonso Fernández de Palencia. *Universal Vocabulario en latin y en romance*, Sevilla, 1490; ed. facsimilar, Madrid, Com. Perman. de la Asoc. de Academias de la Lengua Esp., 1967; John M. Hill. "*Universal Vocabulario*" de Alfonso de Palencia. *Registro de voces españolas interinas*, Madrid. R. Acad. Esp., 1957.

(14) Jerónimo Cardoso, *Dictionarium Latino-Lusitanicum & vice-versa Lusitanico-Latinum*, Coimbra, 1563 (con edicións posteriores en 1569/1570, 1592, etc.).

depois os de Barbosa (1611) (15), Amaro de Roboredo (1621) (16) e Bento Pereira (1634) (17). En tódalas linguas se van achegando os medios para a constitución do que podíamos chamar dicionario “académico”. Así, en Italia o *Vocabolario degli Accademici della Crusca* aparece en 1612 (18) e servirá de modelo para o *Dictionnaire de l'Académie Française*, publicado en París en 1694, e este, á súa vez, para o *Diccionario de la Lengua Castellana*, da Real Academia Española (1726-1739), coñecido coma o *Diccionario de Autoridades* (19).

Desta maneira, no séc. XVIII temos na Península para o castelán a segunda grande revolución lingüística canto á normativización, pois é unha época de readaptación das grafías e de fixación da lingua contemporánea, posto que, xunto ó dicionario académico, teremos xa a gramática académica (20) e desde entón tódalas transformacións iranse reflexando nas diferentes edicións destas obras.

Tamén ocorre isto en Portugal, que, se ben non posúe unha gramática ou un dicionario académicos, si ten abondos gramáticos e lexicógrafos no XVIII, coma Verney (21), Madureira Feijóo (22), etc., o recoñecido Rafael Bluteau (23) e xa, ó final do século, a 1ª edición do famosísimo *Diccionario* de Moraes (24).

Todo axudaba a estas linguas: o uso e a norma. É certo que toda lingua necesita unhas directrices, unhas liñas xerais de actuación, que se conseguen cunha gramática e cun dicionario e coa aprendizaxe destas directrices nos anos da escola; mais tamén é necesaria a existencia de escritores, cantos máis mellor, que recreen esta lingua, que a traballen, que a modelen e lle dean consideración social. A acción combinada das

(15) Agostino Barbosa, *Dictionarium Lusitanico-Latinum*, Braccharae Augustae, 1611.

(16) Amaro de Roboredo, *Raizes da lingua latina, mostradas em um Tractado e Dicionario, isto é, um compendio de Calepino, com a composição e derivação das palavras, com a orthographia, quantidade, e phrase d'ellas*, Lisboa, 1621.

(17) Bento Pereira, *Prosodia in Vocabularium Trilingue, Latnum, Lusitanum et Castellatum digesta*, Eborae, 1634 (con sucesivas edicións en 1643, 1653, 1656, etc.); tamén *Prosodia in vocabularium bilingue, Latinum et Lusitanum digesta*, Eborae, 1732; *Thesouro da lingua portuguesa*, Lisboa, 1647.

(18) En Venezia (a 2ª ed. é de 1623 e a 3ª de 1691).

(19) En 6 volumes (reproducción facsimilar de Editorial Gredos en 1963).

(20) A 1ª ed. da *Gramática de la lengua castellana*, da Real Academia Española, publicouse en Madrid en 1771. A *Orthographia* xa é de 1741.

(21) Luís Antonio de Verney, *Verdadeiro Metodo de estudar para Ser útil à Republica, e à Igreja...* I, Valenza, 1746 (2ª ed. 1747; Colección de Clássicos Sá da Costa. *Verdadeiro Método de Esudar*. Edición organizada pelo Prof. António Salgado Júnior, Vol. I-V, Lisboa, 1949 e ss.

(22) João de Moraes Madureira Feijóo, *Orthographia ou arte de escrever e pronunciar com acerto a lingua portugueza*, Coimbra, 1739.

(23) Raphael Bluteau, *Vocabulario Portuguez e Latino*, 8 vols., Coimbra (vol. I-IV) e Lisboa (vol. V-VIII), 1712-1721; *Suplemento*. 1ª e 2ª parte, Lisboa, 1727-1728.

(24) A. de Moraes Silva, *Diccionario da lingua portugueza*, Lisboa, 1789 (con edicións posteriores en 1813, 1823, 1831, 1844, 1858, 1877-1878, 1890-1891 e a 9ª sen data). Conservando o nome de A. de Moraes Silva fíxose o *Grande Dicionário da Língua Portuguesa*, 10ª ed. revista, corrigida, muito aumentada e actualizada... por Augusto Moreno, Cardoso Júnior e José Pedro Machado, 12 vols., Ed. Confluência, Lisboa, 1949-1959.

normas gramaticais e a dedicación dos escritores ó longo de moitas décadas fai que a lingua se vaia pulindo e chegue á máxima expresión literaria. Isto ocorreu en Portugal e en moitos países.

¿E en Galicia?

En Galicia non aconteceu nada disto. E compréndese. ¿Para que se necesitaba unha gramática ou un dicionario se a lingua de cultura en Galicia era o castelán? Escribir en galego nos chamados "séculos escuros" ou do "silencio" era impensable, á parte algunha que outra pobre contribución literaria, porque non había conciencia de que o galego era a nosa lingua. Ninguén se atrevería tampouco no XVI ou no XVII a facer unha defensa do galego, máis ben todo o contrario: todo aquel que quería gañar consideración social renunciaba ó galego ou evitaba que se lle coñecese a súa vinculación co "dialecto". Era un desprestixio expresarse en galego, había que facer todo o posible para que se non notase o rexionalismo e para falar nun castelán ben correcto. O "dialecto" galego só quedaba para os rústicos ou para falar na casa. A lingua literaria era o castelán e para el as normas xa viñan de Madrid.

Así estivo a situación ata o XIX, e digo ben, ata o século XIX. Ben sabemos que no séc. XVIII temos algunha figura extraordinaria, mais que non tivo transcendencia no seu momento. É verdade que no XVIII o P. Sarmiento tivo unha conciencia clara da importancia do galego e do que se debía facer en Galicia coa aprendizaxe da lingua, mais o P. Sarmiento escribía en Madrid e a súa obra quedaba reducida a un público limitado na maior parte. O seu *Origen de la lengua gallega* só se publicou en 1878 (25) e o *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega* en 1923 (26).

Tamén é certo que escribiu en galego a súa obra *Colección de Voces y Frases Gallegas* (27), pero el mesmo era consciente dos problemas que comportaba o feito de escribir sobre a nosa lingua. Nunha carta a Campomanes (do 17 de setembro de 1761) dío claramente:

"Otros gallegos dirían: *Glossario de la Lengua Gallega?*, Jesús, que desatinó! ¿o ese fraile se volvió *licántropo* o piensa hacer burla de los gallegos?"

"¿Lengua gallega! ¿En donde estamos? dirían otros que non son de Galicia. Si en Galicia azotan a los niños en la Gramática... ¿con que conciencia se viene el fraile a escribir de una lengua que non hay y que es delito hablar de ella?"

"Bien se conoce que el chorrillo de escribir es invención de frailes. Que escriban en castellano, vaya. Que escriban en latín, venga..."

"Pero querer hacer análisis de las voces gallegas y de las cosas que signifi-

(25) A "Carta en resposta al Rvdmo. P. M. Esteban de Terreros y Pando *Sobre el Origen de la Lengua Gallega y sobre la Paleografía Española*" publicouna López de la Vega na *Revista Contemporánea* XIII, 1878, 296-320; cfr. agora J. L. Pensado, *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*, Vigo, Ed. Galaxia, 1974, pp. 7-47.

(26) *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega*. Prólogo del Arzobispo don Manuel Lago González, Tuy, Tip. Regional, 1923.

(27) Cfr. Fr. Martín Sarmiento, *Colección de voces y frases gallegas*. Edición y estudio por J. L. Pensado, Universidad de Salamanca, 1970.

can, teniendo atrevimiento para citar los autores más clásicos del griego, latín y castellano y con su empedradillo de voces orientales, eso ya no es invención de frailes, sino de algún fraile de invenciones... Pero esotro frailuco... ¿a que se viene con su madre gallega de su lengua zarrapastrosa" (28).

Esa era a realidade. No XVIII, amais, implántase o castelán nas escolas e os que queiran aprender algo terano que facer nesta lingua. Deste disparate é ben consciente Sarmiento e no seu *Tratado de la educación de la juventud* (publicado en 1798 (29) e agora por Pensado (30)) explica lucidamente como debería se-lo ensino en Galicia e como os rapaces deberían deprender primeiro o seu propio idioma e non o castelán. Non ten desperdicio o libro do noso famoso escritor e ben lles viría ás autoridades actuais que lle botasen unha ollada e aplicasen os seus criterios.

Non valerán de moito as protestas de Sarmiento e nos comezos do XIX a situación segue igual. Tardarase abondo en coller conciencia da lingua e o verdadeiro conflito lingüístico "galego/castelán" comezará a mediados do século. Na política, as primeiras manifestacións reivindicativas terémolas coa Guerra da Independencia, se ben a verdadeira concienciación empezará no 1840 co *Provincialismo* (1840-1868), para seguir despois co *Federalismo* (1868-1880) e o *Rexionalismo* (1881-1900) (31). Con estes movementos chega tamén o *Rexurdimento* literario.

Por causa da Guerra da Independencia xorden xa escritos patrióticos en galego, de valor limitado. Son os comezos dun rexurdir, que ata os anos 50 a penas nos deixa mostras literarias. A primeira grande avanzada prodúcese entre os anos 50 e 60, especialmente coa obra de Pintos *A gaita gallega*, da que falarei máis adiante. Despois veñen xa as composicións do *Album de la Caridad* (1862) (32), os *Cantares Gallegos* de Rosalía (1863) (33), etc. Un ano peculiar foi o de 1880, no que aparecen *Follas novas*,

(28) X. L. Pensado Tomé, "Feijoo e Sarmiento: dúas vidas sin paralelo", *Grial* XVI, núm. 60, 1978, pp. 153-154, n. 39.

(29) "Discurso sobre el Método que debía guardarse en la Primera Educación de la Juventud", en el *Semanario Erudito* de A. Valladares de Sotomayor, tomo XIX, Madrid, 1798, pp. 167-256.

(30) J. L. Pensado, *La educación de la juventud de Fray Martín Sarmiento*. Edición y estudio crítico, Xunta de Galicia, Servicio Central de Publicacións, Santiago, 1984.

(31) Cfr. Xosé Ramón Barreiro Fernández, "Sinais do acontecer histórico de Galicia", en *Tradición, actualidade e futuro do galego*, p. 56; véxase tamén *Historia de Galicia*. IV. *Edade Contemporánea*, Vigo, Ed. Galaxia, 1981, esp. pp. 324-344; *Gran Enciclopedia Gallega*, XV, s. v. *galeguismo*.

(32) *Album de la Caridad. Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*. Ed. costeada por don José Pascual López Cortón, Coruña, 1862.

(33) J. Compañel. - Editor *Cantares gallegos* por Rosalía Castro de Murguía, Vigo, Establecimiento tipográfico de D. J. Compañel, 1863.

de Rosalía (34), *Aires da miña terra*, de Curros Enríquez (35), *Saudades gallegas*, de Lamas Carvajal (36), e *Maxina*, de Marcial Valladares (37).

Desde mediados do XIX a literatura galega xa terá continuidade ata os nosos días, con máis ou menos fortuna.

¿Como puido ocorrer un cambio tan transcendental no séc. XIX? ¿Como despois de tanto desprecio acugulado houbo xente disposta a loitar contra unha situación con séculos de existencia? En grande parte este fenómeno está en relación co grande cambio de mentalidade que trouxo o Romantismo. Galicia, coma sempre, non foi pioneira, máis ben andou ó rabo, pero chegou a participar. Co movemento romántico vólvese á Idade Media. Na Alemania, especialmente, prodúcese unha eclisión de estudos e investigacións sobre a literatura medieval. Descóbrese de novo o occitano e os trovadores provenzais, rastréanse as bibliotecas á procura de documentación perdida. Isto fai que renaza aquela lingua abandonada literariamente. Pero este renacemento non se limita ó S. de Francia, tamén chega á Península e así volve o florecemento do catalán e do mesmo xeito, con menos pulo, pouco a pouco, o da nosa lingua.

Desta maneira, máis ca nada desde os anos 60, e xa antes desde Pintos, atopámonos na nosa terra cun panorama lingüístico/literario moi diferente, pois a partir de agora a lingua literaria de Galicia xa non será só o castelán. Habará escritores en castelán, escritores en galego e escritores que alternan os 2 idiomas. O ilustrado lerá ós uns ou ós outros conforme ós gustos ou á ideoloxía. O tráxico do asunto é que o pobo galego, conservador do idioma ó longo dos séculos, non participará no rexurdir literario da lingua. Todo isto será alleo a el, porque os aldeáns non len literatura e son analfabetos na maioría dos casos.

Isto sábeo moi ben Rosalía, cando di en *Follas Novas*:

“Creeran algús, que, porque como digo tentey falar d’as cousas que se poden chamar homildes, é por que m’esprico n’a nosa lengoa. N’é por eso. As multitudes d’os nosos campos tardarán en lér estos versos, escritos á causa d’eles, pero sô en certo modo pra eles” (38).

Ante a nova situación literaria, a visión dos poderosos non cambia moito. Non se ve con bos ollos esta volta ó chamado “dialecto” vulgar e rústico e tómasse en pouca consideración ós que se atreven a escribir en galego. ¡Aqueles pobres ilusos que non estaban contentos coa lingua do Imperio! En todo caso, o único que se tolera un pou-

(34) *Follas Novas*. Versos en gallego por Rosalía Castro de Murguía. Precedidos de un prólogo de Emilio Castelar. Editor La Propaganda Literaria, Habana, 1880.

(35) M. Curros Enríquez, *Aires d’a miña terra*. Colección de poesías gallegas. C’un prólogo de D. José Ogea, Ourense, Tipografía de A. Otero, editor, 1880.

(36) *Saudades gallegas*, versos de Valentin L. Carvajal, Orense, Imp. de la Propaganda Gallega, 1880.

(37) “Majina, ou a filla espúrea”, por don Marcial Valladares. *La Ilustración Gallega y Asturiana*, tomo II, 1880, núms. 21-36.

(38) *Follas novas* (1880), pp. XXVII-XXVIII.

co é coma movemento poético. Pódese admitir que se fagan en galego poesías costumistas, lerias populares, pero ¿que é iso de se atreveren a facer poesía de altura, poemas sacros ou prosa literaria? Mesmo xente de grande cultura, coma Emilia Pardo Bazán, só admite o galego para a poesía de carácter popular; ela que se permitía o luxo de intercalar palabras e frases galegas na súa cuantiosa obra en castelán. E o máximo que lle concede ó galego a famosa novelista, a quen Curros Enríquez fustiga terriblemente no *Divino Sainete*, no Canto III, adicado á *Envexa*, onde temos este imaxinario diálogo:

“—Dígame, miña señora:
¿E certo que n'a sua terra
Renace a Poesía agora?
—Boubas que ceiban ô vento
Catro soñadores tolos...
¡Non ll'hai tal renacemento!” (39).

E máis abaixo:

“Eu sosteño, e trayo probas,
Que Galicia esperta; diga-o
A autora de *Follas novas*.
— ¡Valente choromiqueira!
Poetas d'ese feitío
Còmpranse á centos n-a feira” (40).

E a postura, repito, dos poderosos e, naturalmente, a postura oficial. A maquinaria das institucións continúa coa presión do castelán. Na escola non entra o galego, entra cada vez máis o castelán. Os políticos do poder e os supostos pedagogos avogan pola supresión do noso idioma: só se debe ensinar castelán, o idioma nobre, non o dos badocos. Este hai que desterralo. A agresión é constante e podíamos citar moitas mostras. Abonda cunha de 1893, na Asambléa e Exposición Escolar de Pontevedra, onde aparecen estas maravillosas palabras:

“El dialecto es causa grave que se opone grandemente al aprendizaje del armonioso, rico, inimitable, y melodioso idioma de nuestra España” (41).

Isto nunha época en que a cultura galega producía xa grandes obras. Así de simple: coma se falar galego fose cousa de parvos, coma se ter unha lingua de seu e querer conservala fose un delito. ¡Maravillosa maneira de respecta-las peculiaridades diferenciais dunha comunidade!

De aí a postura de defensa (¡cativa defensa!) dos escritores galegos, unha defensa que só podía ter valor documental, sen moita incidencia na realidade de tódolos

(39) *Obras Completas de Curros Enríquez*. I. *Aires d'a miña terra. O Divino Sainete*. Sexta edición, Librería y casa editorial Hernando, Madrid, 1943, p. 181.

(40) *Obras Completas de Curros Enríquez* (1943), p. 183.

(41) Citado na *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo XIV, p. 249a.

días. Son moitos os que se defenden de tantas aldraxes á lingua, falando do seu carácter doce, da súa harmonía, da súa musicalidade, das súas vantaxes sobre o castelán. Son moitos os que convidan ós galegos a que non desprezien a súa propia maneira de falar, a que sintan orgullo por ter unha lingua que só é deles.

Témolo, por exemplo, en Rosalía, que escribiu *Cantares Gallegos*

“prá desir un-ha vez siquera, y aunque sea torpemente, ós que sin razon nin cono-
ciment’algun nos despreçan, qu’a nosa terra é dina d’alabanzas, e qu’a nosa lin-
gua non é aquela que bastardean e champurrán torpemente nás mais ilustradisi-
mas províncias, c’un-ha risa de mofa” (42).

Ela quere canta-las belezas da nosa terra “naquel dialecto soave e mimoso, que queren facer barbaro os que non saben que aventaxa ás demais linguas en doçura e armonía”, e trata de demostrar “com’ò noso dialecto doce e sonoro, é tan apropiado com’ò primeiro, para toda clase de versificacion” (43).

Consecuentemente, Rosalía canta a Galicia e a súa lingua:

“Cantar t’ei, Galicia,
Na lingua gallega,
Consolo dos males,
Alivio das penas.
Mimosa, soave,
Sentida, queixosa,
Encanta si rie,
Conmove si chora.
Cai ela, ningunha
Tan dulce que cante,
Soidades amargas,
Sospiros amantes” (44).

E faino Pondal no seu poema *Falade galego*, no que lles di ás rapazas da Cruña que deixen “os duros acentos” de Castela, “esas duras / palabras de ferro”, porque cando falan

“Nos patrios acentos
Envoltos no voso
Angélico alento
Parece que escuito
Un canto do ceo”.

Por iso lles repite nas tres estrofas as mesmas palabras:

(42) *Cantares gallegos* (1863), p. X.

(43) *Cantares gallegos* (1863), p. VIII.

(44) *Cantares gallegos* (1863), p. 6.

“Falade, miniñas,
Falade galego” (45).

Pondal refírese ó “garrido falar” (46) en diversos poemas, entre eles no titulado *A fala*, onde temos versos tan laudatorios coma os seguintes:

“Nobre e armoniosa
Fala de Breogan,
Fala boa, de fortes
E grandes sin rival;
.....
Ti nos eidos da Celtia
E cò tempo serás
Un lábaro sagrado
Que ao trunfo guiará,
Fala nobre, armoniosa,
¡Fala de Breogan!” (47)

E tamén o fai Lamas Carvajal en diversos poemas. Así na *Introducción* ó seu libro *Espiñas, Follas e Frores*, que empeza:

Vouvos falar n-o prácido linguaxe
d'as afeuciós docísimas e tenras,
n-ese linguaxe brando e melosiño
cal son os fillos d'esta nobre terra;
n-ese linguaxe, singular concerto
de sospiros, d'arrolos e de queixas,
dolce cal esa vaga melodía
qu'os agros teñen cand'o sol esperta,
e cando pol-o vrau n-as craras noites
bican as bris as follas d'alboreda;
n-ese linguaxe, múseca d'o ceo,
eiqué vibrada por mortales linguas,
eco d'o corazón que penas xeme,
espresión d'unha y-alma d'amor chea” (48).

Ocorre o mesmo no poema *Ó leutor*, con que inicia *Saudades Gallegas*:

“N-a noza fala tenra:
n-esta fala tan dulce como branda,
fala de fadas, ánxeles ou meigas

(45) Academia Gallega. *Queixumes dos pinos* (2ª edición) y *poesías inéditas* de Eduardo Pondal, La Coruña, 1935, pp. 210-211.

(46) Id. p. 118 (tamén Biblioteca Gallega. Eduardo Pondal, *Queixumes dos pinos*, Latorre y Martínez, Editores, La Coruña, 1886, p. 118).

(47) Id. p. 191.

(48) *Espiñas, Follas e Frores. Ramióno primeiro*, La Propaganda Gallega, Ourense, 1876: cito por *Obras Completas* de Valentín Lamas Carvajal, *Espiñas, Follas e Frores e A Musa d'as Aldeas*. Versos gallegos, Orense, Imprenta y Pap. de “La Región”, 1927, p. 21.

que hastra n-os lábeos d'o labrego rústeco,
ten poesía, tenreza" (49).

Ou na sentida composición *O falar d'as fadas*, todo un canto de loor á nosa lingua, que comeza:

"Fálame n-esa fala melosiña
que celestiales armunias ten;
fálame n-o lengoaxe d'a terriña
s'é que me queres ben" (50).

Esa "fala pracenteira", que "é mais leda qu'os tonos d'a muiñeira", e "mais doce que a mel"; "este noso falar feitizador", "que tan ben fai sorrir como chorar"; a fala que mesmo "en lábeos de labregos" encanta (51). O poema remata cos versos

"Arrólame c'o ritmo regalado,
co-a sonora infinita vibracion
d'o falar pol-as fadas inventado
pra meigar curazòs.

Xa de neno, esa fala melosiña,
o meu feitizo, a miña gloria foi;
fálame n-o linguaxe d'a terriña
s'é que me tes amor" (52).

Lembremos aínda os versos publicados por Lamas Carvajal en 1876, en *O Tío Marcos da Portela*:

"Teñen os pobos a gala
no seu linguaxe falar;
fálase chino na China,
portugués en Portugal,
catalán en Cataluña
e na Alemania, alemán;
sólo ós gallegos de agora
hastra vergonza lles dá
falar a melosa e dóce
fala que falan seus pais" (53).

No cumio de todo podemos pór a Curros Enríquez, que xa nos dá unha mostra en *Cartas perdidas*, onde inserta os versos

(49) *Saudades Gallegas*. Versos de Valentín L. Carvajal, Orense, Imp. de la Propaganda Gallega, 1880, pp. 2-3.

(50) *Saudades Gallegas*, p. 71.

(51) *Saudades Gallegas*, pp. 72 e 73.

(52) *Saudades Gallegas*, p. 73.

(53) Citado en Antoloxía. *Falemos galego*. 50 textos de onte e de hoxe. Prólogo de Alfonso Alvarez Gándara, Edicións Castrelos, Vigo, 1973, p. 19.

Esta che mando, que vay
Esqurta en verso gallego.

Que pra falar moito e ben
Sin que s'enteire ninguén
D'o que n'o peito s'encerra,
Naide as endrómenas ten
D'a lingua d'a nosa terra.

Pois non ch'hay can que ch'a roa
Nin gorxa á que ben se axeite,
Si non a herdóu de sua aboa,
Ou con anacos de broa
Non comeu cuncas de leite" (54).

Arnais doutros poemas, cómpre citar especialmente a *Introducción a Aires d'a miña terra*, na que Curros fala utopicamente dunha lingua universal. Para el

"Todo tende á unidá, lei, d'entre todas,
A máis ineusorabre d'o Progreso;
Y-él que de cen naciós un povo fixo,
Un idioma fará de cen dialeutos.

Como páran n'o mar todol-os rios,
Com'os rayos d'o sol páran n'un centro,
Todal-as linguas han de parar n'unha,
Qu'hemos de falar todos, tarde ou cedo" (55).

Tendo en conta esta fatalidade lingüística ¿para que escribir entón en galego? ¿Por que o fai el? A razón é simple e moi evidente: porque cando se acaben tódalas linguas e só quede unha única fala universal

"Esa lingua pulida, idioma úneco,
Máis q'hoxe enriquecido, e máis perfeuto,
Resúme d'as palabras máis sonoras
Qu'aquelas n'os deixaran como en herdo;
Ese idioma, compendio d'os idiomas,
Com'onha serenata pracenteiro,
Com'onha noite de luar docísimo,
Será —¿qué outro sinon?— será o gallego" (56)

¿Quen aspiraría a tanta regalía? Para nós abondaría con que o galego fose a lingua de toda Galicia, sen barreiras e sen trancas.

(54) *Aires d'a miña terra* (3ª edición, corregida y aumentada). Biblioteca Gallega, Latorre y Martínez.- Editores, La Coruña, 1886, pp. 117-118 (está xa na 2ª ed. La Ilustración Gallega y Asturiana, Madrid, 1881).

(55) *Aires d'a miña terra*. Coleccion de poesias gallegas. C'un prólogo de D. José Ogea, Ourense, Tipografía de A. Otero, editor, 1880, p. 2 (3ª ed. p. 4).

(56) *Aires d'a miña terra* (1880), p. 3 (3ª ed. pp. 4-5; aquí di "esa fala pulida").

Os versos finais de Curros representan o cumio de toda unha boa morea de gabanças que fan os escritores en galego da súa lingua. É un pouco todo isto a "defensa e ilustración da lingua", "o diálogo en loor da nosa linguaxe", con máis de 3 séculos de retraso. Ninguén o fixo no séc. XVI, cando se realizou nas outras linguas irmás, e tiveron que facelo os poetas ou prosistas do XIX (e tamén os do XX), mesmo ás veces, paradoxicamente, escribindo en castelán, pois é ben triste que algúns autores falen das maravillosas excelencias da nosa lingua, mais nun fermoso castelán, como se fixo nos discursos da sesión inaugural da Academia Galega, celebrada o 30 de setembro do 1906, con palabras de Murguía, Carré, Saralegui e o "Elogio de la lengua gallega" de Lago González (57). Era a falta de uso o que levaba a estas incongruencias: galego-falantes analfabetos na súa lingua, galego-falantes que só reciben o ensino en castelán na escola e que quedan varados ante a posibilidade ou necesidade de se expresaren no idioma patrio. ¡Terrible ironía! Galego-falantes que se expresan con dificultades por escrito no seu idioma ou que mesmo son incapaces de se expresaren nel.

Isto lévame a falar agora doutro problema: o da constitución do galego coma lingua literaria.

Como xa dixen ó comezo, nos séculos escuros rómpese practicamente toda a tradición escrita e, ó chegarmos ó século XIX, prodúcese de vagar a eclosión do Rexurdimento galego. Os escritores empezan a usa-lo noso idioma partindo de cero, sen estaren alfabetizados na súa lingua, sen teren gramáticas e dicionarios ós que recorrer para solventalas dúbidas.

¿Que facer daquela? As solucións eran varias: escribir transpoñendo a lingua falada para a lingua escrita e tomando como modelo o castelán, o portugués ou os dous ó mesmo tempo. En xeral, nos primeiros tempos tense máis en conta o castelán, se ben case sempre en sentido negativo. Os escritores que se deciden polo galego, están escolarizados en castelán, coñecen as regras desta lingua, por máis que tamén coñecen, ás veces, algo de portugués, aínda que sexa moi deficitariamente.

A influencia do castelán vése a reo, non nas grafías, como se di ultimamente, senón na sintaxe e, sobre todo, no léxico e na deformación das palabras, especialmente das cultas. Desta maneira o influxo, como digo, é de signo negativo: o que se fai é unha distorsión das formas, que adoptan solucións vulgares ou imaxinarias para fuxir da igualdade co castelán.

Con todo, a base da lingua literaria é a lingua viva, a lingua falada, con tódolos xiros expresivos, modismos e formas que a caracterizan. E todo isto misturado con máis ou menos castelanismos: tódolos que penetraran xa na lingua, reimprazando ás formas autóctonas, e outros ocasionais. Os escritores móstranse eclécticos, pois ás veces coñecen perfectamente a forma galega e aínda así introducen a castelá, por necesidades rítmicas ou por descoído. Non hai quen quede fóra desta presión da cultura do poder.

Andando os tempos chegan as gramáticas e mailos dicionarios. Francisco Mi-

(57) Véxase o "Elogio de la lengua gallega", en *Grial* III, núm. 9, 1965, pp. 336-339.

rás escribiu a súa gramática no 1864 (58), Saco y Arce a súa no 1868 (59). O dicionario de Rodríguez é de 1863 (60), o de Cuveiro de 1876 (61) e o de Valladares de 1884 (62).

De algo valeron, mais non de moito, xa que faltaba a tradición lingüística: os dicionarios foron útiles, se ben resultaban moi incompletos e con erros. Unha gramática para chegar a ser normativa necesita un período máis ou menos longo de actuación; necesítanse intentos ó longo dos séculos e a aprendizaxe na escola para acadar unha visión unificadora. Todo isto non se consegue nunha década con xentes culturizadas en castelán, e menos con gramáticas do galego escritas en castelán, ou cando se ten unha opinión negativa da lingua, como é o caso de Mirás (63).

Amais, topamos coa prevención innata dos escritores contra a gramática (non tanto contra o dicionario). En xeral, os escritores galegos non son moi afectos a unhas normas lingüísticas. Apélase sempre á "liberdade de expresión", mal entendida. Isto non é exclusivo dos escritores galegos, supoño que é común á maioría, mais cunha terrible diferencia. Un escritor en castelán, no XIX ou no XX, pódese permitir-lo luxo de ignorar supostamente a gramática, porque tivo que bater con ela nos anos da Escola e do Instituto. Por iso pode falar de "liberdade de expresión", porque para el isto non ten nada que ver con ir en contra das normas gramaticais, que as dependeu á forza nos anos mozos. Os escritores galegos do XIX ou do XX, case ata os nosos días, nunca na vida estudiaaron gramática galega na escola. Faltoulles sempre esa formación fundamental e definitiva e, xunto á falta de aprendizaxe na escola, faltoulles no séc. XIX (ou no XX) unha boa gramática, con tradición secular, para poder coñecer unhas directrices xerais de actuación. Non a tiñan e, como digo, aínda que a tivesen, non estou seguro de que recorresen moitos a ela.

O resultado é que no XIX escribían sen unhas regras únicas de actuación. De aí o que achemos distintas solucións gráficas, morfolóxico-sintácticas e fonéticas segundo utilicemos uns autores ou outros. Mais hai que dicir, e deixalo ben claro, que non

(58) Francisco Mirás, *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias...* Santiago, Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás, 1864; edición facsímil de Akal editor, Madrid, 1978.

(59) Juan A. Saco Arce, *Gramática gallega*. Lugo, Imprenta de Soto Freire, 1868; 2ª ed., Orense, Gráficas Tanco, 1967.

(60) Francisco Javier Rodríguez, *Diccionario gallego-castellano...* Dalo a luz la Galicia, Revista Universal de este Reino, bajo la dirección de D. Antonio de la Iglesia y González. Coruña, Imp. del Hospicio Provincial, a cargo de D. Manuel M. y Sancho, 1863; cfr. José L. Pensado, *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega. I. El Diccionario Gallego-Castellano de F. J. Rodríguez y su repercusión en la lexicografía gallega*. Universidad de Salamanca, 1976.

(61) Juan Cuveiro Piñol, *Diccionario gallego. El más completo en términos y acepciones de todo lo publicado hasta el día...* Madrid, Cárlos Bailly-Baillière, 1876.

(62) Marcial Valladares Núñez, *Diccionario gallego-castellano*, Santiago, Imprenta del Seminario Conciliar Central, 1884.

(63) Cfr. José Luis Pensado, *El gallego. Galicia y los gallegos a través de los tiempos (Ensayos)*. Biblioteca gallega, Serie Nova, Editorial La Voz de Galicia, La Coruña, 1985, pp. 41-49.

todo é dispersión, pois moitas veces as solucións son coincidentes en todos ou dunha maneira maioritaria, como corresponde á grande unidade do idioma.

Os mesmos escritores eran conscientes das súas dificultades ó escribiren. Rosalía dínos no prólogo a *Cantares gallegos*:

“Sin gramatica, nin regras de ningun-ha clás, ó lector topará moitas veces faltas d’ortografía, xiros que disoarán òs oídos d’un purista, pró ò menos, e prá disculpar en algo estes defectos, puxen o mayor coidado, en reproducir ó verdadeiro espírito d’ó noso pobo, e penso qu’ó conseguin en algo... si ben de un-ha maneira débil e froxa” (64).

Estas palabras aínda as podemos completar con estoutras da mesma introducción:

“Por esto, inda chándome debil en forzas, e nabendo deprendido en mais escola qu’á d’os nosos probes aldeans, guiada solo por aqueles cantares, aquelas palabras cariñosas e aqueles xiros nunca olvidados que tan doçemente resoaron nos meus oídos desd’á cuna, e que foran recollidos po-lo meu corazón como harenca propia, atrevínme á escribir estos cantares” (65).

Peor aínda era a situación de Curros cando escribiu *A Virxe do Cristal*:

“Os esforzos de memoria, os requirimentos e conxuros q’eu faria en oito noites mortás á lingua enxebre, á sencillés encantadora d’o meu povo, pra saír d’aquel non visto apreto, y-a repunancia que, como home d’ideas e convinciós, tería que vencer antes de presentar os meus versos ó certáme, comprenderáns sólo aqueles que recorden os estreitos térmos en que estaba concebido o programa, aqueles que se visen privados como eu de cultivar dend’a infancia á doce lingua nativa...” (66)

O eximio poeta insiste en que na *Virxe do Cristal* non fixo máis ca recoller unha tradición relixiosa,

“tal e como anda pol-o povo adiante, e, fóra a rima, c’os mesmos xiros, modismos y apotegmas que sai d’a boca d’os nosos campesinos” (67).

Para min resultan moi válidas as consideracións de Barcia Caballero, nas *Rimas* de 1891, cando fala das críticas que se fan ó uso do galego:

“Dícese, medio en broma, medio en serio, que esto de la literatura gallega es no más que fantasía, puesto que el gallego apenas existe como idioma literario, siendo clara muestra de ello, que *aún los mismos que escriben en gallego, no están acordes ni en las palabras, ni en la ortografía*” (68).

Barcia responde a isto cunha longa digresión e remata cunhas palabras totalmente acertadas e que eu ben quixera que cumprisen tódolos nados nesta terra:

(64) *Cantares gallegos* (1863), p. XIV.

(65) *Cantares gallegos* (1863), p. VIII.

(66) *Aires d’a miña terra* (1880), p. 142; 3ª ed., pp. 177-178.

(67) *Aires d’a miña terra* (1880), p. 142; 3ª ed., p. 178.

(68) J. Barcia Caballero, *Rimas*, Biblioteca Gallega, La Coruña, Andrés Martínez, editor, 1891, p. XXXIII.

“No es por lo mismo importante en tal alto grado que aparezcan en los escritores gallegos esas numerosísimas discordancias, que sólo afectan á ligeros accidentes del lenguaje, y en manera alguna á lo sustancial del mismo. Ni las censuras, que á tal falta se dirigen, deben ser causa para que aquellos se retraigan de cultivar nuestro armonioso idioma. Tan lejos de eso; y ya que la ocasión es propicia, deben esforzarse en practicarlo y propagarlo, que es obra meritoria ciertamente el trabajar por la gloria y el engrandecimiento de la patria” (69).

Tiña toda a razón o imitador de Rosalía. O que importaba era escribir en galego, aínda que houbera problemas concernentes a criterios lingüísticos ou gráficos. Analizando, en conxunto, as obras máis representativas daquel momento, vese unha grande unidade no fundamental e, en xeral, abundantes acertos na escolla das solucións empregadas. Vexamos algunhas particularidades.

Uso do apóstrofo.— É moi usual a utilización do apóstrofo para indica-la elisión vocálica, cousa que non sempre facilita a lectura polo abuso que se fai del. Poñendo coma mostra *Cantares gallegos* (ed. de 1863), atopamos unha constante elisión das vocais *a*, *e*, *o* en posición final ante outra vocal: *ll'abasta* 95.4, *tod'acabou* 9.10, *m'acobexara* 162.22, *anqu'hora* 92.12, *antr'eles* XIII,10, *baix'un manto* 154.3, *branc'aurora* 167.19, *buscaim'antr'os millos* 8.2, etc., etc. Chega a elisión a casos de *da*, nos que debía conservarse o *a* para evita-la posible confusión: *d'aurora* 122.1, 168.20, *d'Ave-Maria* 43.9, *d'alegre* 73.8, *d'alborada* 40.15, etc. Xunta ós numerosísimos casos de elisión tamén hai moitos exemplos nos que se mantén a vocal: *canto abrasa* 152.6, *me achego* 95.9, *que aventaxa* VIII.11, *esperando ó folgor* 108.4, *pouco á pouco* 122.6, etc., etc.

En *Aires da miña terra* (1886), temos casos coma *d'amores* 92.1, *boc'allea* 26.20, *baix'a ventana* 40.10, *Levart'ond'o Abade? Levart'ond'a Martiño* 35.29, etc., etc. Tamén hai moitos en que se elide o *a* da xa contracción *da* ou o *o* de *no*. Así, en *d'alcoba* 19.7, *d'aldea* 145.8, *d'altura* 109.6, *d'amargura* 71.7, *d'amortecida* 106.5, *d'antiguedade* 147.11, *d'aurora* 10.21, *d'escola* 10.1, *d'escura* 115.15, *d'hemosura* 34.14, *n'orbe* 30.22, *n'outono* 14.7. Curros chega mesmo a casos máis complicados: *acod'a cita* 35.10, *ardêu en fog'atmósfera* 28.17, *q'amargura* 78.9, *x'estouvos'ascoitar* 35.9, *legu'e media* 36.20, *s'estrela 'se a estrela'* 71.21, *qué olladas lle botan éla* 55.21, etc. Tamén hai moitos casos en que non se fai a elisión: *ante esta* 113.15, *boca aberta* 45.15, *como en* 4.26, *de agora* 146.1, *de esa* 43.5, *gardando esas* 145.7, etc., etc.

En *Queixumes dos pinos* (1886) hai xa menos uso do apóstrofo, se ben atopamos casos abondos: *nos'alma* 52.6, *cand'era* 31.5, *d'aquel* 80.4, *dichos'éla* 108.6, *prob'escura* 35.5, *d'onde* 85.13, *d'outro* 42.7, *semp'iba* 58.6, etc. Xunto a eles hai conservación da vocal en *de inverno* 76.7, *entre os fortes* 112.20, *este era* 20.12, *sempre hei* 66.30, *conocida en todo o mundo* 63.14, *sobre as* 125.4, etc. Outras veces falta a vocal *a* en contraccións: *n'ardente* 42.7, *n'escuridade* 184.6, *n'altriva* 51.12, *n'Arca* 79.15.

Uso do guión.— Tamén se utiliza moito o guión para separar certas formas. Así, nos *Cantares gallegos* (1863), *algun-ha* IX.22-23, XIII.5, *algu-ha* 105 n., *nò me mate-la pita* 146.12, *un-ha* 28.14, 37.14, etc., *tòda-las* XII.10, XIII.12, *pò-la* 144.7, etc., *po-lo* VIII.19, etc., *qu'escorrenta-las burras* 144.21. Sempre alternando con outras posibilidades: *pò la* 29.2, 33.11, etc., *po la* 33.8, 35.2, etc., *pò lo* 21.7, 23.17, etc., *tendidas* 54.6, *tòdolos* 12.17, 63.19, 99.14, *tódalas* 14.1, 21.16, 68.12, 97.14, *unha* 2.1, *vò lo* 51.13, 96.9, *gárdal'o pano* 102.13, etc.

En *Aires da miña terra* (1886) hai casos coma *Diol-o saque* 105.5, *perdidol-os seus ollos* 66.7, *calál-o* 23.10, *cántovol-a vida* 9.11, *collel-a* 37.6, *conserval-a* 33.23, *crabal-a* 25.5, *desarrollal-os* 177.28, *mazal-o* 65, *doentel-os* 142.23, *d'entrambol-os* 144.3, *érmol-os* 167.1, *pechadal-as portas* 94.5, *todiñol-o* 101.17, *outrol-o* 22.27, etc., etc., tanto se se trata do pronome coma do artigo. Tamén abundan os casos coa conxunción *y*: *y-a* 52.29, etc., *y-o* 60.6, etc., *y-abrin* 177.8, *y-eu* 75.4, etc., *y-outro* 51.2, etc., etc. Outras formas son: *dam-os* 39.21, *dim-o* 26.26, *non-o* 60.25, 107.9, etc., *non-a* 126.25, *non-os* 55.24, *pasándo-o* 141.12, *quen-o* 42.23 (en 24 *quen o*), *sínto-o* 155.6, *tiña-a* 24.3, *tomába-o* 13.14, etc. Nalgunha ocasión falta o guión ¿seralo demo? 27.3, *estrozalos* 152.11, *matálo* 100.15, *matálas* 133.23 (xunto a *matal-o* 156.24), *respetála*, *adorála* 26.9, *véla* 38.12, *vela* 38.16 (xunto a *vel-a* 135.3), *y apotegmas* 178.12-13, *y a* 126.7, etc. Xunto á forma case xeral *pol-o* 56.4, etc., *pol-a* 73.14, etc., atopamos *po-lo* 94.4, *pola* 26.12 e *pol-alta* 19.7, e xunto ós normais *todol-os* 60.15, etc., e *todal-as* 14.1, etc., temos por necesidades do verso *tod'os* 34.1 e *tod'as* 51.17. Extrañamente aparece o apóstrofo en *arrincal'a lengoa* 18.24 e en *tral' último* 8.20.

Xa nos *Queixumes dos pinos* cambia un pouco a situación, pois místúrase máis o uso do guión e do apóstrofo. Temos guión en *nacél-os viches* 66.16, *pas-pallás* 92.17, *quentál-as mans* 62.24, *temé-i-o olvido* 37.10, *tirál-a vida* 207.16, *non toqué-l-ós seus vestidos* 43.10, *conocél-a* 114.8, *entóncel-ó burdo* 101.17, *féital-as* 149.13. Alternan *pol-o* 9.1, 21.5, etc. e *po-lo*, 183.12, 200.18, *pol-os* 70.5 e *po-los* 181.10, 182.12, *pol-a* 37.14, 50.8, etc. e *pola* 103.23, 198.7 (no plural *pol-as* 156.6, 192.12). Por elisión vocálica aparece *pol'* en 58.2, 113.6, 151.6 e por necesidades rítmicas as formas imposibles *plo* 93.23, *p' lo* 31.11, *pl' o* 11.17, *plos* 187.1 e *pl' a* 114.7, 207.6. O apóstrofo témolo en *deféndel' o peito* 111.20, *despértel' os ecos* 50.6, *detél' os sonorosos* 13.13, *detél' os vagabundos* 14.8, *derél' os* 14.22, *detēñal' a pranta* 182.14, *prēñdal' a faldra* 79.17 e *tēndel' os gallos* 143.10. Con *todos* temos *tòdol-os* 149.11 e as formas reducidas *todas cousas* 125.14 e *todos que ben me miren* 70.16.

Uso do acento gráfico e da diérese.— A acentuación é moi diferente á actual e, ás veces, caótica, como pode verse repasando calquera das grandes obras que veño citando. Mesmo se ven mostras moi forzadas da utilización de tres tipos de acento gráfico (agudo, grave e circunflexo). Nos *Cantares gallegos* (1863) temos toda clase de criterios. Así: *alí* 28.22 e *alí* 27.16,21, 63.2, etc.; *así* X.18, XIII.11, 73.17 e *asi* XIII.16, 3.5, 19.4, 22.19, etc.; *aquí* 154.22 e *aquí* 118.XXXVII,7,8, *aló* 113.XXII.2 e *aló* 13.4, 33.8, etc., *verás* 89.6,9,10 e *veras* 139.10, *anque* VII.7, etc. e *anque* 47.19, *antes*

18.9. etc. e *ántes* 129.3; *están* 46.1 e *estan* 27.19, *fun* 29.1,2, etc. e *fūn* 158.13, *hora* 77.1,17, etc. e *hóra* 46.24, 47.11, *labios* 70.13, etc. e *lábios* 80.23, *lar* 2.2, etc. e *lár* 58.20, *ler* 102.20 e *lér* 102.19, *ma* 55.8 e *má* 40.19, *mainiña* 53.11 e *mainiña* 9.3, *miña* 11.11, etc. e *miña* 14.12, *música* VII.8, 68.9, 165 n. e *musica* 28.2, *algun* 27.7 e *nalgún* 109.XIII.2, *non* 47.3, etc. e *nón* 46.10,11, *patria* IX.13,22, 137.12,29 e *pátria* 172.20, *pes* 135.7 e *pé* 3.7, 19.3, *pés* 17.16, 28.21, 30.6, 49.10, xunto a *peiños* 24.24, 142.3, *perderia* 11.16 e *perderias* 13.8, *podo* 136.3,23, 137.15, 138.10 e *pódo* 18.15, *pois* 10.3, etc. e *póis* 126.19, *débil* XIV.10-11 e *debil* VIII.13, 96.15, *dándolle* 171.6 e *dandolle* 113.XXIII.6, *ánxeles* 29.6 e *anxeles* 5.17 ou *anxel* 19.1,3, etc., *bágoas* 128.22 e *vagoas* IX.8,24, etc., etc., etc.

Extrañan formas coma *aquês* 171.7, *barbaro* VIII.11, *bretemas* 121.16, *bulvár* 47.22, *cál* 23.15, etc. ou *câl* 117.XXV.3,5 xunto a *cal* 5.6, *câs* 146.16, *cullér* 51.5, *choráran* 75.10, *difícil* 138.20 fronte a *dificile* VIII.7, 165 n., *quês* 144.2, *ferir* X.22, *fogax* 72.17, 168.8, *nàs* 'nace' 154.11, *arbór* 118.XXXVI.4 e *arbôres* 166.26, *voaria* 67.30, *vén* 169.20 e *ven* 125.4, 129.16, etc., etc.

Para a prep. *a* témo-las graffias *â* 145.9, *à* 125.13, *a* 123.9, 126.18, 142.21, 145.4, 146.8, etc. e mais *â* 2.9, 15.8, etc. Para o artigo ou pronome alternan *a* X.8,9, 126.4, 139.11, etc. e *á* 9.6, 15.11, etc. Para a contracción de *a* + *a* alternan *a* 137.12, 169.1, *â* 147.11, 149.4 e *á* XI.25, XIII.25, etc.; en plural *as* 67.26, 168.22 e *ás* VIII.11, IX.16, 167.21.

Tamén para a forma masc. temos 3 posibilidades: *o* 5.9, 25.29, 32.1, 127.19, *ô* 110.XIV.5, 167.11 e *ó* IX.14, XIV.9, 13.9, 100.9, 101.4, etc.; en plural *ôs* 105, 125.2, 147.16, *ôs* 115.XXVIII.2 e *os* XII.23, 5.17, etc.

Máis complicado aínda é no caso da contracción *ô*, que aparecæ practicamente coma única forma. Para ela atopamos *ô* IX.9, XI.5, XIII.6, etc., *ò* 99.6, *ó* 24.20, 35.3,14, 70.19, 71.2, *o* 3.22, 7.3, 78.22, 101.15, 109.XI.8, 110.XV.3, 122.20, 138.6, 139.9, 145.2, 157.8, *os* 113.XXI.6 e *ôs* X.7,18, XIV.6, etc. Sen contraer temos *a ó* 3.7, 5.12, 12.22, 135, *á o* 32.3, 76.18, *á ó* 15.17, 72.19, 75.8, 84.24, *a os* 54.3 e *á os* 41.18, 105.14, 106 n.

En *Aires da miña terra* (1886) tamén atopamos toda clase de criterios. Ténden-se a acentuar-las formas verbais en *-ou* e *-eu*: *abondôu* 24.16, *alumôu* 172.32, *asuspirôu* 48.16, *cantôu* 67.23,24, *ardêu* 28.17, *colléume* 119.14, *corrêu* 38.3, etc., etc. Mais hai casos sen acento: *botou* 172.21, *chorou* 75.7, *correu* 118.16, *entendeu* 172.18, etc. Alternan *á res* 120.21 e *à res* 133.18, *abriu* 107.14 e *abriu* 109.13, *alegría* 26.10, etc. e *alegría* 52.19, etc., *algús* 53.7 e *d'algus* 178.30, *antes* 146.1 e *ántes* 122.13, *aque* 61.23,24,25 e *aquêl* 55.28, 132.25, *asi* 20.4, etc. e *asi* 65.5, *outra* 17.30 e *áutras* 172.23, *bris* 19.10 e *brís* 57.10, *caída* 30.24 e *caidas* 126.4, *cal* 52.24, etc. e *câl* 132.23, *cañil* 58.26 e *cañil* 106.9, *câns* 94.6, 103.5 e *cans* 167.9, *cardês* 32.26 e *cardes* 132.4, *cecaís* 41.15 e *cecais* 143.19, *ceos* 81.9 e *céos* 172.31, *côlo* 72.9 e *colo* 78.5, *corazón* 106.18, 118.8 e *corazon* 19.4,15, 70.10, *creto* 120.7 e *crêto* 107.15, *crime* 100.20 e *crime* 87.4, *cruel* 172.8 e *cruêl* 132.20, *condición* 60.13 e *condicion* 171.12, *d'êsto* 51.25 e *d'esto* 51.26, *dáille* 133.6 e *daime* 172.1, *decia* 28.4 e *decia* 83.5, *detrás* 93.2 e *detras* 140.2, *dín* 141.11 e *dín* 101.24, *doce* 77.1,



A LINGUA LITERARIA NA ÉPOCA DE ROSALÍA

etc. e *dóce* 70.1, *éco* 3.6 e *ecos* 83.9, *eidos* 93.3, etc. e *éidos* 69.6, *emigración* 62.27 e *emigracion* 131, *falla* 152.9 e *fälla* 77.6, *fè* 7.5 e *fe* 109.11, *gráu* e *grau* en 172.27, *ilusión* 111.9 e *ilusion* 8.27, *imáxe* 30.1 e *imaxe* 129, *infelís* 84.2 e *infelis* 131.6, *Lérez* 64.4 e *Lerez* 59.1, *menos* 53.12 e *ménos* 178.31, *ninguen* 117.7 e *ninguén* 55.24, 62.3, *noïvo* 54.19 e *nóivo* 53.5, *osos* 77.8 e *ósos* 7.8, *patria* 63.2 e *pátria* 126.11, *páxcaros* 78.24 e *paxáros* 52.21, etc., etc., etc.

O acento circunflexo témolo en *alâ* 55.10, xunto a *alá* 57.4, etc., *balcòs* 36.25, *bòa* 58.26, xunto a *boa* 140.5, *còr* 5.11, 30.16, 78.16, *crènte* 109.8, *crème* 25.1, *dòno* 11.28, xunto a *dono* 131.11, *dòr* 75.10, *dòrida* 71.5, xunto a *doridos* 5.8, *fachòs* 36.23, *fòlgos* 93.8, xunto a *folgos* 101.8, *fòra* 30.16, 72.16, 148.7, xunto a *fora* 10.23, *hòrfo* 78.4, xunto a *horfo* 127.7 e *hòrfos* 13.15, *pòr* 31.14, xunto a *pornos* 152.11, *pròusima* 145.16, *què* 156.7, xunto a *qué* 53.18, 19, 20, 21, 22, *repòlos* 143.24, *sòfre* 71.16, 18, *sòfren* 77.11, xunto a *sófres* 21.27, *tope* 77.13. Nalgún caso Curros fai uso da diérese: *inxenheiro* 152.8, *ròido* 161.14, *voär* 90.9.

Para a prep. *a* témo-las formas *a* 101.32, 148.23, etc. e mais *á* 3.4, 8.1, etc., etc. Tamén para o artigo: *a* 31.23, 51.5, etc.; *á* 55.15, 57.10, 67.4, etc. Para a contracción o normal é a forma *á* 51.7, 8, 56.20, etc., *ás* 52.23, etc.; pero tamén se rexistra *a* 54.3, 177.14, *as* 93.13, 99.11.

Para a forma masculina hai dúas posibilidades: *o* 121.5, 132.5, etc. e mais *ó* 56.16, 70.2, 102.22, etc. Canto á contracción o normal é a forma *ó* 3.12, 4.1, etc., *ós* 5.18, 6.10, 11, 12, etc. Ocasionalmente aparecen *o* 107.16, 178.2, *os* 73.5, 98.6. A grafía *o's* en 157.3.

Se pasamos agora ós *Queixumes dos pinos* (1886), de Pondal, tamén atopamos casos de dobre acentuación: *ademán* 77.5 e *ademan* 9.4, 221.4, *afán* 116.24 e *afan* 9.10, etc., *ainda* 20.5, etc. e *ainda* 129.12, *alí* 47.9, etc. e *ali* 62.20, *allea* 75.28 e *alléa* 31.6, 37.22, 193.18, *antigo* 36.3, etc. e *antigo* 32.27, *árbre* 86.13 e *arbres* 76.3, *areosa* 46.26 e *areósa* 66.8, *asi* 52.6, etc. e *asi* 223.13, *asaz* 37.27 e *asáz* 195.12, *aveláns* 64.10 e *avelans* 129.6, *Barrañán* 132.18 e *Barrañan* 116.30, *boó* 112.19, *bóo* 9.2, 29.9, etc. e *boó* 111.14, *Breogán* 115.2, 120.3, etc. e *Breogan* 10.7, 61.6, etc., *caer* 12.11, 76.6 e *caér* 95.16, 183.9, *Casás* 62.9, 30, etc. e *Casas* 62.25, *cativos* 119.21, etc. e *catívos* 173.10, *combate* 10.4, etc., *combates* 51.15 e *combáte* 186.30, *combátes* 182.10, *contar* 91.16 e *contár* 79.14, *Croa* 62.19 e *Cróa* 61.9, *crúa* 207.2, 213.14 e *crúa* 55.16, *crúas* 200.15, *chan* 23.20, etc. e *chán* 32.8, *cheo* 52.2 e *chéo* 173.7, *chea* 17.12, etc. e *chéa* 153.11, *dan* 92.11 e *dán* 113.16, *decide* 58.5 e *decide* 61.9, *deter* 13.1, 15 e *detér* 14.10, *él* 41.11 e *el* 41.5, *ela* 106.7 e *ela* 23.14, *estulticia* 118.22 e *estultícia* 119.28, *ferreo* 41.2 e *férreos* 12.10, *folla* 97.10 e *fólla* 86.7, *frió* 198.2 e *frio* 95.10, *gracia* 49.4, 114.4 e *grácia* 33.3, 93.11, *huracán* 160.5 e *huracan* 51.9, 76.10, *insomnio* 195.5 e *insómnio* 119.9, *Mesénia* 175.4 e *Mesenia* 223.15, *montesías* 83.3 e *montesias* 111.3, *naufragio* 117.8 e *naufragíos* 51.15, *necios* 16.4 e *nécia* 201.5, *ninguén* 103.4 e *ninguen* 54.1, *oído* 67.11 e *oído* 131.16, *palidez* 41.13 e *palidéz* 119.8, *vario* 117.30 e *vário* 159.6, etc., etc., etc.

Pondal acentúa normalmente as formas en *-ou* (*afeóu* 17.4, *amóu* 147.8, etc.), pero hai casos sen acento: *cantou* 107.26, *estou* 18.5, 6, *nubrou* 41.14, etc.). Polo

contrario, non acentúa os sustantivos en *-ion*, con algunha excepción: *ambición* 18.14, *compasión* 17.14, *ilusións* 191.5, *peregrinación* 36.4, *prisións* 193.14.

O acento circunflexo témolos en *convèrteme* 159.13, *libróu* 105.4, *pòn* 53.10, *sêo* 121.15, que alterna con *seo* 35.7, 38.4, etc., *sòon* 52.7 e *sòn* 117.17, que alternan con *sóon* 15.7, *sóen* 21.9, 157.3 e *soen* 37.27, etc., *tén* 53.18, que alterna con *tén* 47.4,6 e *ten* 62.17, e en *vén* 121.12.

A diérese é utilizada en máis casos ca en Curros. Así, en *aigas* 32.3, *arêoso* 62.31, *canziõns* 177.16, *armonioso* 147.4, *armoniosas* 133.1, *espaciosas* 133.4, xunto a *espaciosa* 117.2, *estudiante* 57.9, *glorioso* 164.2 e *glorioso* 12.8, *gloriosa* 205.16, *groriosa* 118.23 e *gloriosa* 118.31, *graciosa* 95.3, 113.4, *gracioso* 106.26 e *gracioso* 63.19, etc., *impetüoso* 41.6, 52.8, 77.12, *injuriosas* 119.29, *Langüelle* 53.1, 54.7,13, *magestüoso* 105.16, *misteriosa* 133.18, xunto a *misteriosa* 42.19 e *misteriosas* 37.19, *ociosos* 12.4, *oprobiosa* 51.6, *piando* 101.3, *piadá* 159.16, *Piõsa* 83.11, *radioso* 11.8, etc. e *radioso* 159.1, *ruina* 42.15, 214.26, *süave* 199.12, *süaves* 178.13 e *suaves* 185.14, *subiar* 62.2, *suidades* 221.15 e *suidades* 9.11, etc., *suidoso* 221.12 e *viageira* 49.3, xunto a *viageiras* 57.5.

Para a prep., artigo e pron. *a* tampoco ten Pondal unha regra uniforme, pois mistura *a* e *á*. Así, para a prep.: *a* 9.5, 10.9, 18.19, etc.; *á* 14.11, 18.3,25, etc. (22 v.). Para o art.: *a* 9.13, 11.5, etc., *as* 14.2,16,17, etc.; *á* 32.6,17, 43.2, etc. (23 v.). Para o pron.: *a* 29.8, 52.7, 60.6, etc.; *á* 63.22, 106.9. O mesmo ocorre coa contracción, que pode aparecer de 3 maneiras: *á* 31.3, 80.3, 91.1, etc., *ás* 89.6, 96.10, 200.29, *a* 81.2, 83.1, 91.19, 94.21, etc., *as* 20.3, 76.30, 94.9, 116.29, 131.7,10, *á* 96.14.

Tamén para as formas masculinas alternan indiscriminadamente *o* e *ó*. Así, para o art.: *o* 9.2,7, 10.5, etc., *os* 11.2,6,20, 13.4, etc., *ó* 32.30, 51.5, 62.8,11,16,21, 63.11,26, etc., *ós* 130.9, 219.5. Para o pron.: *o* 42.18, 70.15, etc., *ós* 9.16, 10.1, 25.8, etc., *ó* 62.12, 69.12, 93.22. Para a contracción de *ao* volve haber tres formas: *ó* 9.15,16, 35.13, etc., *ós* 9.12, 37.24, etc.; *o* 9.3, 18.9, 32.9, 36.26, etc., *os* 33.4, 75.25, 81.3, 95.6, 153.5, 221.16; *ó* 25.2, 31.2, 43.1, 57.10, 61.12, 62.18, 71.10,16, 96.18, 116.26, *ós* 115.9. Ocasionalmente temos *ao* 62.23, 106.8, 118.27,30, *a o* 199.18, *aós* 14.18 e *aos* 118.4.

Combinación de apóstrofo e acento gráfico.— A combinación de apóstrofo e acento gráfico leva a moitas posibilidades. Así, en *Cantures gallegos* (1863), para a unión de *con* + *a* aparecen *c'á* 34.18, 42.15,16, etc., *c'a* 157.23, *cá* 16.4, 17.11, 71.5, 95.4, *ca* 54.12, *có á* XIII.14, 81.6, *co á* 114.XXV.4, *c'o á* 108.X.3, *c'ò á* 138.19, *cás* 4.2, 135.8 e *c'ás* XIII.6, 14.6, etc.

Para a forma masc. atopamos *có* XI.10, 2.23,24, etc., *c'ó* VII.11, 166.13, etc., *c'o* XIV.16, 137.10, 145.7, *co* 15.12, 33.14, *con o* 157 n., *cós* 62.14, 86.16 e *c'os* VII.10, XI.22, etc.

Coa prep. *de* tamén abundan as distintas posibilidades: *dá* 18.23, etc., *d'á* 141.4, 154.1, 157.17, *da* VIII.9, XI.23, etc., *das* 3.7, 169.9, *d'as* VII.12, VIII.21, etc., *d'ás* 43.5, 58.1, *dás* 15.6, 46.21, 88.17, 117.XXXV.6, *do* 1.12, 3.6,10, etc., *d'o*

32.4, 154.18, 157.12, *dó* IX.17, 47.24, 57.12,16, etc., *d'ó* IX.2, XI.2, XIV.9, 114. XXV.5, *dos* 76.11 e *d'os* VII.10,13, VIII.14, etc.

Aínda podemos lembrar casos coma *chá* 77.5,6, *ch'a* 47.14,16, *chó* 19.12 e *ch'ó* 116.XXXI.1, *nun* 28.3, 127.18, 154.23, *nún* XI.16, *n'un* 16.1, 17.13, *n'un-ha* 67.2, *nun-ha* 41.10, etc., *nun-has* 78.3 e *nunhas* 14.21, etc., etc. A lista de exemplos podía ser amplísima.

Coas preposicións *con* e *de* Curros ofrece en *Aires da miña terra* (1886) novas combinacións. Así, coa primeira: *c'a* 20.2, *c'oa* 121.21, *co'a* 28.12, 36.23, 79.4, etc., *c'o a* 165.5,6, 168.29, *c'as* 131.3, *c'oas* 98.28, *co'as* 150.23, *c'o as* 168.5, *c'o* 10.15, 17.11, etc., *c'os* 4.21. Son de lembrar tamén *co' él* 51.6, *co' éle* 46.14, *c'o ese* 98.16, *c'o esta* 26.17, *co' esta* 106.2, *co' estes* 26.24, *co' esas* 42.1. Para a unión con un temos *c'un* 5.24, etc., *c'unha* 22.21 e *cu'n* 53.23.

Para *de* alternan *d'a* 91.14, 118.17, etc., *da* 58.5, *d'as* 4.25, 11,23, etc., *das* 90.29, *d'o* 60.3, etc., *dó* 155.11, *do* 12.5, 53.21, *d'os* 79.17, 124.7, etc. Con *un* temos *d'us* 132.11, *d'un* 121.14, etc., *d'un* 141.10, *d'unha* 7.4,6, etc.

Como grafías máis extrañas podemos citar *d' eica* 14.11, *de' home* 98.25, *entregarme' acaba* 39.23, *de'la* 139.9, *demo'* e *d'esta* 129.7, *c'om ela* 138.10, *ind hay* 10.22, *n'os* 4.26, 153.10 (pron. *nos*), *qué' así* 20.4, *que' inda* 23.29, etc.

Finalmente para as combinacións con *en* temos: *n'o* 129.1, 136.16, etc., *n-o* 122.21, *no* 76.2, 137.9, *n'os* 5.22, 8.11, etc., *nos* 57.4,13, 137.13, 167.8, *n'a* 118.28, 129.2, etc., *n-a* 165.12, *na* 178.8, *nas* 36.10, 119.16, *n'un* 93.5, *n'unha* 122.30, etc.

Coas preposicións tamén pode haber novidades en *Queixumes dos pinos* (1886), respecto ós outros libros comentados. Coa prep. *con* temos alternancia: *coa* 20.2, 221.3, *coas* 167.18, *co'a* 96.12,16, *c'a* 94.4, 130.2, *ca* 49.15, etc., *cas* 38.7, 64.15, etc.; *c'o* 21.10, 54.5, 91.18, etc., *c'os* 31.15, 93.2, *co* 15.20, 36.14, 51.9, etc., *cos* 31.13,19, etc. Lembremos *c'antiga* 117.27, *co' aguillada* 9.3 e as combinacións con *un*: *c'un* 65.5, 77.9, etc., *con un* 41.3, 71.20, 83.16, 169.13, 199.11, *con'un* 64.12, *con uns* 64.10, *c'unha* 77.15, 94.17, 135.17, 163.15, 168.3, *con unha* 207.2, *c'unhas* 108.21, 113.13, 114.1, 121.11.

Coa preposición *de* é case xeral *da* 9.13, etc., co plural *das* 15.3,5, etc. Só atopamos *d'a* 147.9 e coa prep. *d'á* 69.7. Con *un* son normais *d'un* 9.10, 35.14, etc., *d'unha* 31.12, 37.17, etc. Coma variantes só hai *d'hun* 194.1 e *de un* 117.5.

Coa prep. *en* atopamos: *na* 9.19, etc., *nas* 12.5,9, etc., *no* 11.14, 13.16, etc., *nos* 12.3,6,10, etc., *nun* 25.3, 62.20, *n'un* 61.7, 98.26, etc., *n'hun* 192.3, *nunha* 159.13, *n'unha* 163.3, 192.8.

Vese unha clara tendencia moitas veces á eliminación do apóstrofo, se ben en Pondal por necesidades rítmicas pode haber algúns casos insólitos. Así, en *a' queia hora* 101.9, *aque!' hé* 32.17,23, *'Spartáco* 175.12, *'splendor* 75.19, *'star* 117.17, *star* 213.3, *non' stòu* 214.7, *stà* 207.13, *'stà* 43.8, 51.7, 83.18, 92.23, 165.5, *'státe* 79.11, *'tate* 94.22, *táte* 93.13, *'stán* 62.18, 107.21. Lembremos tamén as formas *quen' ó* 69.12, *quen'a* 87.1, xunto a *quen á* 47.7, *quen os* 63.9, etc., e as combinacións coa negación. Para esta temos normalmente a forma *non*, coa variante *nón*

55.16 e as graffas *non' -o nego* 70.9, *non'a prendádes* 208.3, *no na viches* 69.8. Por necesidades aparece unha forma reducida co pronome e cos verbos que empezan por vocal: *n'o percibe* 131.16, *n'esprica* 9.9, *n'hai* 23.3,5,7,9,16,18,20, *n'hé* 35.17, *n'he* 46.25, *n'escond'a afrenta* 51.4, *n'oculta* 51.11, *n'has* 93.15,21, *n'era* 96.1, *n'esprico* 98.27, *n'hacha* 150.5, *n'acabara* 31.7.

O léxico. Castelanismos.— No léxico é moi abundante o uso de palabras castelás, algunhas introducidas xa na fala diaria e, polo tanto, de uso máis ou menos común; moitas por seren persoas cultas e educadas no idioma de Castela as que se expresan por primeira vez en galego escrito. Hai palabras castelás que aparecen a reo, como pode ser *galego*. Os nosos escritores usan as formas alleas sen temor e mesmo chegan a utilizalas por necesidades rítmicas, como ocorre no poema da “negra sombra” de Rosalía, onde atopamos:

“Cando máxino qu'és ida
N'o mesmo sol te m'amostras,
Y eres a estrela que brila,
Y eres o vento que zóa.

Si cantan, és tí que cantas,
Si choran, és tí que choras,
Y és o marmurio d'o río
Y és a noite y és a aurora” (70).

Precisamente, Rosalía abusa moito do castelanismo e podíamos citar nela unha boa morea deles, coma en *Cantares gallegos* (1863) formas do tipo *afilado* 78.8, *belleza* VII.7, XI.20, XIII.13-14, *calabazas* 90.11, *capilla* 157.14, *Castilla* XI.1, etc., *cumbres* 121.5, etc., etc. Hai formas que extrañan, como son *alumbrarme* 30.21, *alumbrara* 121.2, *conmigo* 18.22, etc., *consuelo* 126.12, 129.2, *cuna* VIII.18, 80.10, *dulce* 6.12, etc. e *luna* 88.17, etc., pois coñece as formas propias *alumeara* 105.1.2 ou *aluma* 151.7, *comigo* 100.14, 102.10, *berce* 80.11, *doce* VIII.24, etc. e *lua* 37.3, 41.12, 42.3, etc.

Tamén para *Aires da miña terra* (1886) sería posible pór unha boa lista de palabras do tipo *añidiu* 18.21, *bullá* 36.7, *cabecillas* 148.16, *capellan* 146.16, *capillas* 148.17, *castellano* 178.46, *Castillas* 159.3, *cuyo* 30.13, *d'arrudilla* 35.17, *hermosura* 34.14, *gallego* 5.4, *lexos* 94.26, *llánura* 173.1, etc., etc.

Mesmo nun escritor moito máis coidado da lingua coma Pondal, atopamos algúns descoidos. Así, en *Queixumes dos pinos* (1886) pódense citar *aguarda* 29.10, 15, *ala* 49.10, etc., *anduvera* 168.2, xunto a *andivera* 205.7, *bella* 167.13, *bellas* 139.9, *deseo* 140.6, *dice* 59.9, 163.10, xunto ó normal *dí* 69.17, 70.15, etc., *destumbraba* 65.6, *dicha* 62.7, *dichosos* 116.9, *dichosa* 70.14, *Dios* 17.8, etc., *doncellas* 19.5, *donde* 31.4, etc., *en donde* 89.12, 91.5, *dudoso* 161.3, 167.9, *yelmo* 105.19, xunto a *elmo* 84.1, *engañosa* 79.1, *envidia* 113.16, *espuma* 62.6, xunto a *escuma* 107.14,

(70) *Follas Novas* (1880), p. 52.

132.29, *estrella* 116.6, xunto a *estrela* 23.5, 132.30, *fallece* 177.10, *fallecen* 153.8, *golondrina* 193.8, *helado* 41.6, *heredado* 71.6, *hermosura* 52.2, *huracán* 160.5 ou *huracan* 51.9, 76.10, *iba* 58.4,6, *lexano* 182.6, *lunar* 192.8, 193.15, 194.4, *luna* 84.15, 194.5, *peleár* 106.8, *pérlas* 117.15, 135.13, *promo* 203.1, *rodillas* 123.5,6, *sangre* 184.8, *siglo* 41.9,11, *sello* 42.13, *siniestra* 41.13, *valle* 36.18 e máis que podía engadir.

Uso de dobles e deformacións léxicas.— Os nosos escritores non tiñan unha conciencia lingüística diferencial clara e utilizaban sen reparos o castelán ou retorcián a lingua, apocopando arbitrariamente as palabras ou tomando formas reducidas da lingua falada para cubri-las necesidades, especialmente no verso. Nos *Cantares gallegos* (1863) temos moitos casos. Así, “dádeme un home” (49.2, 51.15) e “dáime un homiño” (49.6), “si pronto non me levades” (66.30) e “¡ay! si non me levás pronto” (66.2) ou “si non me levás airiños” (66.4), “en tódalas partes crese” (14.1) e “en todas partes se cria” (14.2), “que veñen e van” (3.8) e “cando vên, vên como negros” (125.4, 129.16).

A maioría destas solucións apocopadas están por necesidades rítmicas e, entre elas, hai verdadeiras invencións, como ocorre nos *Cantares*: “mais, á que *dir*, eu diga” (47.19), “xá que non *quès*” (144.2), “cal fán *aque*s que non saben” (171.7), “si ti foche anxel d’amore / pó-los *anxes* escollida? (162.8) (71). Entre as formas inventadas hai dúas moi extrañas: “froitá en froi d’a qu’eu *quixerde*” (154.1; rima con *verde* e *perde*) e “rindos’entanto á falsa de *fertun-ha*” (118.XXXVIII.5; en rima con *un-ha* e *ningun-ha*). Pola mesma razón de necesidade aínda podíamos citar casos coma “orfo *ende* que nacera” (108.X.1), “dime *dond*’estás, *en donde*” (148.9), “qu’ aquí *un* levita sobra / y un-ha chaqueta falta” (90.8) ou “nunca da louca *socied*’as vaidades” (106.III.2).

Tamén en *Aires da miña terra* (1886) aparecen dobles debidos ás necesidades do verso. Así, en “¡Vates, *crebade* as liras!” (125.8) e “non-a *crebés*, poetas!” (126.25), “as pasiós d’a *mocidade*” (119.2) e “¡xunta esas forzas, *mozeda*, d’aceiro” (116.7), “que contr’a *Libertade* abriu con vosco” (109.13) e “y-a *libertá* chora” (100.15), etc. Pola mesma razón temos alternancias do tipo “*dentr*’o castelo vivía” (13.6) e “qué hermos’ está *dentro d’ ela*” (30.27), “*dentro d’a casa*” (33.11), “si *queres* que se pouse n’os teus hombros” (116.8), etc. e “que’ inda me *qués* cal quer

(71) R. Carballo Calero, *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro*, Universidad de Santiago de Compostela, 1972, pp. 17-26, esp. pp. 21, 22, 24, di que *anxes* e *aque*s é a solución “antigua” e que *ánxeles*, *aqueles* e tamén *eles* é a solución “castellana”. Deixando á parte a consideración de “solución castellana” para o plural das palabras rematadas en -l (*españoles*, *fráxiles*, *toxales*, etc.), é un grave erro dicir que *aqueles* e *eles* son plurais á “castellana” e que *anxes* e *aque*s son as formas “antiguas”, pois os singulares *aquel* e *el* son secundarios, sendo as formas primitivas *aquele* e *ele*, con -l- procedente de -ll- latino, e os plurais *aqueles*, *eles* proceden da forma *illos* (ou terminación -illos) con -e- analóxico. Canto a *anxes* xa vimos que é unha necesidade rítmica e non ten nada que ver coa realidade, nin coa suposta forma antiga. As formas galegas son *anxo* e *anxos* (medieval *ángeo*, *angeos*), despois entraron as formas *ánxel* e *ánxeles*, usadas por Rosalía, menos nun caso en que lle sobra unha sílaba e retorce o plural en *anxes*.

o lobo ó año" (23.29) ou "en vano negal-o *qués*" (120.25), "*teñen* a roupa xa feita" (14.8) e "pr'a min *tén* froes" (78.18), "eses nomes *tén* virtude" (163.13). As necesidades lévanlle a inventar formas, coma en "moito madrugas *uxe*" (22.19; rima con *foruxe*), en "pois tí eres d'aquela *cláis*" (119.11; rima con *quizáis* e *máis*) ou en "¿por qué ll'*hades* quitar á un home honrado / a honra d'estar ó lado...?" (148.19), a acentuar falsamente o plural *tuneles* en "mandálo abrir montes / e furar *tuneles*" (100.12; na 1ª. ed. *tunéles*), a utilizar coma monosílabo o posesivo *tuas* en "collend' o nacre das cunchas / que n'as *tuas* orelas brilan" (90.30) ou a colocar mal o pronome en "x' estóuvos' ascoitar" (35.9).

En *Queixumes dos pinos* (1886) hai moreas de casos nos que Pondal retorce as formas por necesidades do verso, moitos deles idénticos ós de Rosalía ou Curros, outros completamente novos. Casos idénticos son "*forxá, forxáde* grillos" (184.16), "non me *mirés* con espanto, / nin vos *fagádes* preguntas" (213.5-6), "certo non vos *estratēdes*, / nin vos *fagádes* preguntas: / non *preguntés* por qué causa" (214.27-29), "e pois que *qués* repousar" (38.3), "nin *teñen*, en vez de froes" (54.3) e "non *tén* á cara tan brava" (53.18), "*tén* as ventanas ben feitas" (47.4), etc.

Por necesidades cambia o acento de *lostrégo* (así en 11.8, 41.3) en "cal fero *lostrégo*, grandioso e sublime" (186.27, 187.16) ou inventa formas coma en "nas *clunas* do meu palacio" (66.27), "e pois no *cáizle* q' ó home encerra" (133.25), na prep. *por*, deformada en "pr' onde vagante vou" (18.8), "pr' antr'os calados e altivos" (161.8) e "pr' onde inda o folgo respira" (207.4), ou na forma *polo/pola*, alterada en "que *pl'o* fortes, vencéran" (11.17), "fún chorando *p'lo* camiño" (31.11), "*plo* santo San Joan" (93.23), "*pl'a* sua donosura" (114.7), "*plos* seus ideáles" (187.1), "q'iban *pl'a* deserta vía" (207.6). A este tipo de necesidades obedecen as formas xa citadas do verbo *estar*, coma "que nas fondas correduiras, / *star* soes de Bergantiños" (213.3), etc. ou en "cingue o peito d' esforzo e de ferro, / '*Spartáco* ch'o dí" (175.12), frente a "do rudo *Espartaco*" (224.4).

Carácter da lingua literaria.— Repítese moitas veces hoxe que os nosos autores do XIX escribían cun marcado carácter dialectal e con ortografía castelá. Carballo Calero di de *Cantares gallegos* que ten unha lingua "de clara filiación oral, coloquial, dialectal" e que "no se advierte en absoluto la tendencia a la formación de un *volgare illustre*, de un gallego literario, de un idioma común supradialectal" (72). Para el, Rosalía parte "del gallego oral. Y en el gallego oral se queda. Se comporta como si no creyese en la existencia de otro gallego que el gallego dialectal. No se ve en ella conciencia de un gallego ideal, de una norma lingüística como aspiración literaria que de alguna manera fiscalice el uso escrito del gallego hablado" (73).

É moi discutible esta visión e non corresponde á realidade. Os escritores do XIX escribían na única lingua existente, porque non había outra, nin hai un "galego ideal". O que non podemos facer é vulgar esta lingua tomando coma referencia

(72) *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro* (1972), p. 13.

(73) *Particularidades*, p. 14.

as outras linguas literarias irmás. Naturalmente, se a comparamos co uso do castelán ou do portugués no XIX, o galego literario da época de Rosalía é máis pobre. Mais esa comparanza é falsa e non se pode facer, porque esas linguas levaban séculos de tradición literaria e os escritores galegos parten de cero. Polo tanto, o que ocorre en Rosalía é normal: son os comezos da literatura e en tódalas linguas os comezos foron iguais, con mistura de solucións e co reflexo da realidade viva. Ningunha lingua literaria comezou cun "idioma común supradialectal", senón coa "fala" e co "dialecto" propio dos seus primeiros cultivadores. A unificación virá moito despois, ás veces tras varios séculos de uso literario (74).

A min non me parece ben falar de lingua rexional. Admito como rexional as diferentes opcións dialectais que poidan presenta-los escritores, todas elas válidas nos comezos da literatura, mais non admito que se chame rexionalismo ás formas específicas galegas que non se cofecen en portugués, porque isto non é rexionalismo, isto é precisamente un factor importantísimo para a consideración do galego coma lingua independente. E non se trata en moitos casos de supostos rexionalismos modernos. Son diverxencias que nacen na época medieval, como pode ser, por exemplo, o galego *mais*, frente ó port. *mas*, ou as formas *escribir*, *rostro*, *visión*, *confusión*, *aire* e moitas máis (75). Isto débese a que desde o século XIII as dúas pólas do mesmo toro (o galego e o portugués) seguiron camiños diferentes.

¿Como pode negarse a Rosalía conciencia do que é unha lingua literaria? O mesmo Carballo recoñece que a nosa autora utiliza o seseo coma recurso estilístico "para caracterizar el habla campesina, especialmente cuando pone sus versos en boca de mujeres, señaladamente mozas" (76). Claro que tiña conciencia da lingua literaria e o mesmo prólogo a *Cantares gallegos* é unha confesión desa conciencia. Nela mesma temos xa o comezo do diferencialismo, que despois tanto prodigarían os escritores do noso século: formas coma *ansas* 95.10, *arrescende* 72.14, *conceñuda* 110.XIV.2, *cristaño* VII.15, *cristaños* XII.13, *daiba* 112.XX.6 por 'dádiva', *estredente* 116.XXXII.5, *insuficença* IX.4-5, *iñorancia* X.13, *iñorantes* XII.18, *pasente* 116.XXXII.1, *cores rousados* 22.17, *saudabe* 110.XIV.6, *trian* 12.1 e outras mostran un desexo diferencialista evidente.

O mesmo ocorre cando bota man de medievalismos, coma *aquesto* 90.6, *aquestes* 7.6, 8.5, *n'aquesta* 83.3, 87.1, ou de grafías portuguesas ou medievas, coma en *fosse* IX.17, X.4 ou nas palabras grafiadas con *ç*, posiblemente por iniciativa de Manuel Murguía. A grande maioría das palabras están grafiadas con *c* ou *z*; segundo correspondía, mais hai moitos casos de grafía con *s* (uns 102) e en menos cantidade con *ç* (uns 48 casos).

(74) Cfr. *The Emergence of National Languages*, Edited by Aldo Scaglione, Longo Editore, Ravenna, 1984.

(75) Véxase Ramón Lorenzo. *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*, Vol. I. Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo", Orense, 1975, pp. XXVIII-XXXV; id. *Crónica Troiana*, Fundación P. Barrié de la Maza-Real Academia Galega, A Coruña, 1985, pp. 81-167.

(76) *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro* (1972), p. 14 n. 16.

A esta mesma conciencia diferenciadora responde a sistemática utilización do rotacismo, pois en *Cantares gallegos* hai moi poucos casos con -l- conservada e chégase a deformacións do tipo *arbôr* 118.XXXVI.4 e *arbôres* 166.26 por 'albor', *curpabr'* 96.20 por *culpabre* XIII.19 e *robre* 156.25, *robres* XII.11, etc., extrañamente utilizado en lugar de *carballo* (77). E podíamos engadir como elemento de selección a tendencia de Rosalía a face-lo plural en -ôs, que se nota xa algo en *Cantares gallegos* (*guarniciôs* 23.22, *tizôs* 63.10, *traiciôs* 37.16, *espresióôs* 102.29) e que aumenta decididamente en *Follas novas* (78).

Ortografía.— Tampouco coido que se poida falar de ortografía castelá no séc. XIX. ¿Como pode considerarse ortografía castelá a dons escritores que utilizan a reo o apóstrofo, toda clase de acentos, mesmo en palabras que hoxe non o levan, e constantes guións, moitos deles á maneira portuguesa? O que fan os escritores é un intento de normas ortográficas, que unhas veces coinciden en todos e outras son diferentes, máis moi distantes das normas ortográficas castelás. Se hai, ás veces, coincidencia co castelán e non co portugués, débese á igualdade dos resultados galego-casteláns fronte á outra lingua.

No caso da representación da cons. prepalatal fricativa xorda /ʃ/ houbo diverxencias. Algúns autores decidíronse por *j*, *g* nuns casos e por *x* noutros, non por entroncamento coa época medieval, senón simplemente por achegamento á ortografía portuguesa. É o que fan Valladares, Antonio de la Iglesia ou Pondal, mesmo ás veces cambiándolle-la grafía ós orixinais, como se fai no *Album de la Caridad* (1862), e cometéndose constantes erros no uso correcto por non ter realidade fonolóxica no noso idioma esta diferenza gráfica e resultar superflua. A Pondal, por exemplo, en *Queixumes dos pinos* (1886), escápanlle casos coma *axiña* 217.14, *axado* 51.7, *axada* 52.8, *cobixa* 49.10, *despoxo* 180.8, 198.21, *despoxos* 11.6, 147.2, *engebre* 32.4, 178.4, *fóxen* 107.17, *forxá*, *forxáde* 184.16, *fluxas* 86.15, *jefe* 187.4, *luxeira* 107.16, *lonxe* 76.6, 122.7, *naxoso* 63.29, *puxo* 93.5, *puxeron* 61.8, *terraxé* 31.12 ou *terráxe* 197.17, *toxáles* 197.16, *taxo* 85.2, 86.26, 107.1, *vexo* 31.13, 16, 18, 32.29, 39.2, etc., *vexa* 84.15, *verdexantes* 132.19, *xogoral* 105.6, 107.3, 121.16, *xorogal* 61.14, *zagalexo* 97.1, 13, 98.1, 19, 99.7, *zreixas* 92.3, 7, 94.1 e *zreixal* 91.2, 92.29, 94.28.

Frente a este grupo, a maioría dos autores decídese correctamente polo uso único de *x*, como xa acontece na *Casamenteira* (1812). E esta grafía non se pode dicir

(77) Nas *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro* (1972), pp. 39 e 42, Carballo Calero coloca o adxectivo *nobre* entre as palabras que teñen o sufixo *-bile*. Trátase dun erro, que se comete tamén nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, da Real Academia Galega, A Cruña, 1977, p. 29, librito onde se acumulan erros importantes, falándose de "normas morfolóxicas" para unha serie de particularidades simplemente fonéticas. A palabra *nobre* vén de *nobilis*, arcaico *gnobilis*, do verbo *nosco*, adxectivación dun **ǵnō-ǵhlom* (Walde-Hofmann, *Lateinisches etymologisches Wörterbuch*, Carl Winter, Heidelberg, 1954, II, p. 177), e xa no latín se perdera conciencia do sufixo referido, evolucionando en romance dun xeito diferente ás palabras que o levaban.

(78) Cfr. *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro* (1972), pp. 31-32.

que sexa castelá: é o resultado normal da realidade lingüística do galego. O proceso de desonorización das sonoras comezou na época medieval e por iso nos textos galegos arcaicos hai numerosas confusións nas grafías, eliminándose a distinción primitiva en beneficio da igualación. No caso de *g, j* frente a *x* as primeiras mostras de confusión en favor de *x* (que é a única grafía xustificable modernamente) están xa na *Crónica Troiana* (1373) (79). As linguas tenden á economía, non á complicación, e cando se perde unha oposición fonolóxica iguálanse as grafías en beneficio da grafía que representa o sonido vencedor.

Formas galegas e portuguesas.— O achegamento ó portugués é consciente nalgúns autores, como é o caso citado de Pondal, aínda que neste non é tanto como se podería coidar, pois presenta unha lingua correcta en numerosas ocasións, xunto a formas propias da zona costeira coruñesa. Formas claramente portuguesas son *formoso* 89.11, 186.8, *formosos* 118.2, 157.14, *formosa* 49.13, *formosura* 112.5, xunto a *fermosas* 211.8; *mas* 87.5, xunto a *mais* 12.9, etc. (47 veces), *quase* 11.12, 59.7, as grafías *povo* 186.31, 200.28, *povoar* 112.14, *povóan* 116.31. A alternancia *ui/oi* non ten nada que ver co portugués, pois as formas con *ui* son as propias da zona costeira de Ponteceso: *moi/mui*, *noite/nuite*, *escuitar/escoitar*, etc.

A utilización de formas á portuguesa é propia de tódolos tempos e chega á mesma Rosalía. Nos *Cantares* úsanse maioritariamente as terminacións galegas *-cia*, *-ción* e exclusivamente a terminación *-sion*: *admiracion* XIV.16-17, *admiracion* 157 n., *aficion* 91.2, 93.10, *Asuncion* 185.1,5, *condicion* 96.17, *divertision* XI.17-18, *estacions* XII.10, *guarniciós* 23.22, *inspiracion* VII.16, *lision* 115.XXIX.8, *nacion* XIII.17, *preocupacion* XII.19, *confusion* 90.3, *espresións* 102.29, *pasion* 37.12, 123.15, *satisfacion* 117.XXXIV.5, *traiciós* 37.16, *versificacion* VIII.25, *vexetacion* VII.16-17, XI.15, *benevolencia* 106 n., *delicias* XII.24-25, *esperencia* 87.13,24, *Galicia* IX.9, etc., *gracia* 54.12, 96.25, *gracias* 99.5, *grasia* 171.2, 172.11,19,22, *herencia* 108.X.2, 113.XXIII.3, 128.8,10, *harencia* VIII.19, *indukencia* IX.23, XIV.3, *inocencia* 80.19, *inxusticia* X.14, XIII.18,25, *inxusticias* XIII.21, *iñorancia* X.13, *Palacio* 153.11, *procedensia* 95.4, *provincia* X.14-15,15, XIII.19, *rancias* 90.23, *silencio* 147.3, 158.11 e tamén *despreziable* X.19, XIII.15. Coma únicas formas diverxentes temos *adoraçon* 27.28, *devoçon* 13.15, *embarçon* 27.22, así como *despreço* 95.19, 97.23 (plur. 126.26), *despreça* 137.23 (plur. X.8), *espaço* 28.7, 46.1, 79.4, 106.IV.4 (plur. 151.14, 159.15) e *presença* 112.XVIII.6. Coidar que estas son as verdadeiras formas do galego e que Rosalía as utiliza coma formas vivas, especialmente as rematadas en *-çon*, como se fixo neste Congreso, é coidar ó revés e non querer ve-la realidade, porque a realidade é que Rosalía usa como formas propias as normais do galego e que as formas en *-çon* teñen só que ver cunha reconstrucción erudita á portuguesa, idénticas ás outras invencións de *Cantares* do tipo *insuficença* IX.4-5, *conçençuda* 110.XIV.2 ou *pasente* 'paciente' 116.XXXII.1.

(79) Son *fxe* por *fige* e *beixaruos ey* por *beijaruos ey* (cfr. *Crónica Troiana*, ed. 1985, pp. 134, 492.11 e 594.59).

As formas propias do galego son tamén as que aparecen en Curros ou en Pondal. En *Aires da miña terra* (1886), onde hai algunha concesión ó portugués do tipo *povo* 68.14, etc., *mor* 163.4, *louvadores* 132.20 ou *rasto* 172.32, son exclusivas as formas en *-ción, -sión*, etc.: *aparicion* 49.12, *cançións* 162.26, *cansacio* 79.16, *comparacion* 21.4, *estension* 172.8, *Galicia* 63.10, *ocasion* 132.12, etc., etc. A única vez que se afasta desta regra faino mal, pois inventa a forma *notiza* 161.11.

A mesma imaxe aparece en *Queixumes dos pinos* (1886), onde poden verse *ambición* 18.14, *compasión* 17.14, *condicion* 18.24, *estacion* 89.4, *existencia* 133.17, *gracia* 33.3, 93.11, *prisions* 193.19, etc., etc. A única diverxencia é o dobrete *cançons* 177.16 e *canzon* 49.15.

O vulgarismo.— A concesión ó vulgarismo depende dos autores, pero ó comezo do Rexurdimento máis ben hai un uso limitado nos grandes escritores. En Rosalía, Curros ou Pondal hai vulgarismos e hai formas dialectais. É normal, tendo en conta que se trata dos comezos da literatura e non se distingue ben entre vulgarismo e forma máis culta. Hai unha mistura de formas como ocorre nos comezos de tódalas literaturas. O que queira comprobalo que vaia á literatura medieval e verá como ó principio hai numerosas variantes e non por iso se fala de lingua vulgar, rexional ou dialectal.

Pondo como exemplo *Cantares gallegos*, vemos que os vulgarismos son limitados e en numerosísimas palabras do seu rico léxico adóptase a forma adecuada, sen concesións á deformación ou á forma vulgar. Podiamos citar moreas de casos do tipo *música* VII.8, *humano* 158.19, *montaña* 53.2, etc., etc. As alternancias *e/i*, *o/u* mantéñense nos mínimos (*devina* VIII.5, *polidas* 106.II.7, *soave* VIII.10, *sintirse* 95.20, etc., etc.). Tampouco abundan as metáteses do *r*, que, en xeral, ocupa o lugar que lle corresponde. Algúns casos extraños son *quirtiquen* IX.19, *quirtico* 116.XXXII.7, *querbanto* 154.26, *recrebos* 115.XXIX.2, *trubar* 158.12, etc., *trubias* 107.IV.8, *pre-soas* 28.11 e algúns máis usuais.

Os maiores acertos atopámoslos en Pondal, pois en *Queixumes dos pinos* (1886) as formas empregadas son nos máis dos casos as propias do galego, con concesións ás peculiaridades da súa zona lingüística, como xa indiquei, mais sen caer normalmente no vulgarismo. As únicas formas dignas de mención son *difizle* 178.11, *indino* 199.30, *insinan* 200.11, *malinos* 197.18, *Manoel* 65.9,20, *somellante* 42.15, etc., *soparada* 103.5 ou a alternancia de *espírito* 36.1, etc. e *esprito* 106.21, así como *obedente* 93.28. Tampouco utiliza sistematicamente o rotacismo, se ben hai casos extremos coma *crima* 41.7 (*climas* en 167.7), *incrinacion* 155.12 ou *pranura* 197.15.

Comparado co número de acertos, estas concesións ó vulgarismo real ou inventado son moi pequenas. O aumento empeza xa en Curros, pois en *Airños da miña terra* (1886) hai numerosos casos de deformacións vulgares ou inventadas, do tipo *albitre* 152.10, *albore* 28.19, *anamorado* 46.18, *ánemas* 93.13, *ánemo* 178.45, *anunceaba* 177.8, *apocalíptica* 109.14, *argullo* 122.8, *atóneto* 100.25, *avriguar* 61.11, *carante* 177.27, *Fulipe Carto* 38.7, *cencia* 152.27, *círcolo* 9.23, *cólara* 87.6, *cuaseli-dá* 51.14, *cucudrilo* 44.18, *delincoente* 46.12, *depóseto* 152.23, *dilicias* 90.4, *empen-ta* 178.30, *emventado* 60.22, *esquirta* 117.5, *estauta* 18.9, *estudeo* 178.5, *firta* 120.

8, *harrorosa* 34.7, *hixene* 157.2, *lengoa* 138.7,9, *máquena* 136.19, *méndegos* 102.2, *médeco* 119.25, *metouro* 30.17, *ódeo* 126.26, *pátrea* 153.18, *Portogal* 107.18, *prefaz* 178.17, *relixosa* 178.11, *saçreta* 62.19, *sinfunía* 111.7, *trégola* 71.8, *xeroulifos* 4.6, etc., etc. Curros retorçe as formas deformándoas para evita-la coincidencia co castelán e non ten reparos en inventar dispartes. Nel mesmo atopamos algunhas invencións literarias que chegaron ós nosos días, como son formas do tipo *ameñazas* 61.28, *armoñosa* 5.5, *entranas* 94.14, *estranezas* 177.13, *estrana* 91.13, 160.24, *estranas* 90.17, *estrano* 30.12, *extranos* 138.3, *hourizonte* 66.12, 80.6, *iñoro* 98.24, *montana* 145.2,3, 172.11,13,27, *montanas* 9.23, 86.7, 177.32 e *paradiso* 97.11, 151.10.

Con todo, *Aires da miña terra* aínda se mantén dentro de certos límites e o que poida ter de concesión á deformación lingüística compénsao coa calidade literaria. Despois de Curros, o aumento destas formas continuará cos escritores menores de fins de século, como se ve citando títulos de libros coma *¡Filla...! Coadro dramático de costumes gallegas n'un auto y-en verso, premeado n'o certame científico-literario-musical celebrado en Pontevedra n'o mes d'agosto 1892, pol-a patreótica Sociedad Económica d'Amigos d'o País* (A Cruña, 1892) ou *A Torre de Peito Burdelo. Drama hestórico n'un auto y-en verso. Premeado n'o Certame literario qu'antuseásta sociedade d'a Cruña, o Liceu Brigantíño, realizou con notabre éisito, n'a dita cibdade, n'a noite d'o dia 7 de Setembro d'o ano de 1890* (A Cruña, 1891) ou a *¡Lénda de horror! (A mitra de ferro ardente). Esquirtu en verso no idioma regional*. (A Cruña. Emprenta e Librería de Carré, 1894), as tres de Galo Salinas.

O uso e abuso destas formas farase cada vez máis, especialmente desde as *Irmandades da Fala* e na *Xeración Nós*. Carballo Calero dinos que “el gallego culto que hoy se escribe —o mejor el que se escribía antes de 1936— no toma a Rosalía como modelo, pues aspira a una pureza y a una independencia del castellano que no constituirían objetivos del habla de Rosalía” (80), ya que en ella abundaban los castellanismos debido a “su falta de conciencia de lo que es una lengua literaria en el sentido moderno, o, si se prefiere, su absoluto desconocimiento de la distinción entre lengua escrita y lengua oral” (81). Xa falei disto máis arriba e non me parece acertado. ¿Como se lle vai negar conciencia do que é unha lingua literaria a Rosalía se escribía mellor ca moitos dos autores da *Xeración Nós*? Onde ela poñía castellanismos, poñen eles lusismos e toda clase de invencións e non por iso lles negamos conciencia do que é unha lingua literaria. Eles fuxían da igualdade léxica co castelán e non se caracterizaban precisamente pola “pureza”. De feito, non tiñan modelos lingüísticos, ou máis ben parece que imitaban a Curros, pois só con ter en conta a lingua de *Queixumes dos pinos* escribirían dunha maneira moito máis coidada e con máis “pureza”.

Uso do artigo co posesivo e colocación do pronome.— No uso do artigo co posesivo e na colocación do pronome, en xeral, os autores importantes do XIX non co-

(80) *Particularidades morfológicas del lenguaje de Rosalía de Castro* (1972), p. 15.

(81) *Particularidades*, p. 15.

meten erros, pois coñecen ben a fala viva e saben cal é o uso correcto. Con todo hai aquí e alí expresións incorrectas, que nos poetas son debidas moitas veces ás necesidades do verso. Estamos diante de concesións falsas debidas á pouca fixación da lingua literaria.

Estes casos incorrectos podíamolos citar en numerosos escritores. Así, na *Casamenteira* (82) só temos unha vez a falta do artigo: “a quen meus ollos amaron” (p. 13). Tamén nun único caso está mal colocado o pronome: “o crego se ha d'enfadar / se lle digo que non quero” (p. 6). En “a min *me* pesa” (p. 10) pode estar condicionado polo hipérbato.

Nos *Cantares Gallegos* (1863) falta, ás veces, o artigo:

“Cantart'ei Galicia, / teus dulces cantares” (5.22).

“En proba de teu amor” (37.18).

“Aquel qu' ante seus ollos aparece” (117.XXXIV.4).

“Que de teu peito surxindo” (138.26).

Canto á colocación do pronome, hai casos de transgresión clara da norma e outros condicionados polo hipérbato:

“N'ela s'escoitan / doces cantares” (31.4).

“Vanse todos, eu *me* quedo, / Sin compañía, nin amigo. / Eu *me* quedo contemplando / as taradas d'ás casañas” (43.2-4).

“Sorrindo *nos* miraban” (46.2).

“Eu *chá* dera, miña xoya, / con mil amores *chá* dera” (77.5-6).

“Qu'ás*me* abofé / de fartar á barriga” (143.12).

“Levaront'as ondas feras / ou *te* perdeches nos montes?” (148.15).

En *Aires da miña terra* (1886) hai casos sen artigo, coma:

“Pr' onde quér levarey teu Evanxelio” (6.6).

“;Inda ó morrer te mentarán meus beizos!” (6.16).

“Os áis que l'arrincaban seus pensamentos” (32.22), etc.

Para o pronome podemos citar:

“Non sey cómo t'oyo / y-estó*me* con calma!” (15.16).

“X'estó*vos'* escoitar” (35.9).

“Pois *che* prometo” (25.2).

“Onde o deserto acaba que cingu*me* en redor” (172.12), etc.

Poñamos, finalmente, algúns casos de Pondal, dos *Queixumes dos pinos* (1886). O artigo falta en numerosísimas ocasións, coma en

“Tódo, ó mais fugitivo, / póde ter seu retardo” (14.15).

“Soñadores e vagos, / de sua condicion” (18.24).

(82) *A Casamenteira*. Sainete en gallego para cuatro personas, del célebre literato D. Antonio Benito Fandiño. Juguete inédito, hallado entre los papeles de un curioso amigo del autor, y se da a luz para honrar su memoria. Orense, 1849 (reimpreso por Cuadernos da Escola Dramática Galega, núm. 15, Xaneiro, 1891, A Coruña).

“Teus vagos e doces cantos” (37.1).

“Seu cantar decía así” (83.10), etc.

Tamén hai casos de colocación errónea do pronome:

“Stá tolo, *se* dixéno, / este prob’home delira” (207.13).

“Se me soltas *che* prometo, / *m’*obribo de che contar” (79.13-14).

“Hei de fartárme de tí, / *ch’o* juro por miña nai” (80.8).

“‘Spartáco *ch’o* dí” (175.12), etc.

Todas estas transgresións son a débeda que hai que pagar á falta da tradición literaria, como recorda o editor da *Casamenteira*, en 1849:

“Como nuestro dialecto gallego no tiene según debiera arregladas una ortografía y una prosodia peculiares, resultando de aquí la gran variedad en escribirle, faltando muchas veces á la propiedad, alterando otras el significado de las voces y dejando la pronunciación sin reglas fijas al arbitrio del que lee” (83).

Aínda recoñecendo isto coma certo, non todo foi negativo no séc. XIX e mesmo houbo autores con ideas moi claras. Tíñaas López Ferreiro en “Un aviso ao bondoso leutor”, con que comeza *A tecedeira de Bonaval* (84). Nel fálanos das regras ortográficas do galego con criterios ben fundados e argumenta da seguinte maneira:

“Ben sei que n-algunhas cousas destas apártome da Ortografía hoxe xeneralmente seguida no escribir o galego; pero como estamos no período constituyente, falemos com-os políticos, creyo que cada ún pode espoñer franca e lealmente as suas opinións” (85).

Pero vai máis alá e deixounos escritas unhas palabras que debían ter moi en conta todos aqueles que nos nosos días arremeten contra a normativa lingüística oficial, cun criterio retorcido e arbitrario, coma se a lingua lles pertencese e facéndolle un fraco favor ó noso idioma. Di López Ferreiro:

“Pero, pol-a miña parte, protesto que estou prestes a adoutar e seguir ao pe da letra as regras que d’algún modo oficial se poñan e establezan” (86).

Tamén tiña as ideas moi claras moito antes Xoán Manuel Pintos, autor do libro *A gaita gallega tocada po lo gaiteiro, ou sea Carta de Cristus para ir deprendendo a ler*,

(83) Cuadernos da Escola Dramática Galega, núm. 15, p. 4.

(84) Publicada en folletín no periódico *El Pensamiento Gallego* de Santiago (en 1894) e despois no tomo X da *Biblioteca Gallega*, de Martínez Salazar (A Coruña, 1895). Despois en *Bibliófilos Gallegos*, Biblioteca de Galicia. VII. *Novelas de López Ferreiro*, Santiago de Compostela, 1953. Cfr. agora Antonio López Ferreiro. *A tecedeira de Bonaval*. Edición, introducción e notas de Xosé A. Palacio e Blanca-Ana Roig. Estudio literario de Anxo Tarrío. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1985.

(85) *Novelas de López Ferreiro* (1953), p. 6; *A tecedeira de Bonaval* (1985), p. 70.

(86) *Novelas de López Ferreiro* (1953), p. 6; *A tecedeira de Bonaval* (1985), p. 70.

escribir e falar ben a lingua gallega, e aínda máis (87). Pintos é o primeiro teorizador sobre o galego no XIX. Cunha enorme cultura e con coñecemento do latín e de varias linguas románicas, o precursor sabe modela-la lingua e ofrece no seu libro un galego moi aceptable, ben mellor có de moitos dos seus sucesores. Coñecedor tamén do P. Sarmiento, segue un pouco a estrutura deste para dar a coñece-la súa postura e a súa idea sobre o idioma.

No seu conxunto, *A gaita gallega* é un canto de loor á lingua, unha "defensa e ilustración" cos mellores argumentos, un inicio no camiño unificador, coa presentación de normas de actuación.

Parte en verso e parte en prosa, parte en galego e parte en castelán, nunha sucesión de diálogos entre o gaiteiro e o tamborileiro, atopamos no libro toda unha serie de pasaxes que non teñen desperdicio.

Crítica ós galegos que abandonan o idioma:

"Lo que te puedo adelantar es que los gallegos aquí como en Castilla, con muy raras escepciones, parece que reniegan de todas las cosas de su Patria; conducta injustificable en todos, y mas infinitamente en hombres de provecho y acreditada pericia" (88).

Pois nunca se poderán disculpar

"los muy podencos
Que desprecian el idioma
Del país en que nacieron" (89).

Pintos insiste en que ningún debe renunciar á súa propia lingua por aprender unha nova. Todo o mundo debe conserva-la súa coma un tesouro:

"Guapo, un pucho de cereixas
Mereces hoje pois vexo
Que non es rudo, e que podes
Deprender ben o gallego.
Pero mira anque o deprendas
Non por eso che aconsello
Que deixes esquencer nunca
A lingua do teu terreo,
Que sempre será a mellor
Para ti, segun eu creo
Que a miña o è para min
Mellor que tantas conezo,
E no a troco por ningun-ha
Das que ten o mundo enteiro" (90).

(87) Publicado en Pontevedra, Imprenta de José y Primitivo Vilas, 1853. Hai edición facsimilar da Real Academia Galega. 75 Aniversario, 1906-1981, A Coruña, 1981.

(88) *A gaita gallega*, p. 174.

(89) *A gaita gallega*, p. 147. Na p. 36 expresa isto doutra maneira: "E non ten disculpa algu-hna / O desleixado podenco / Que refuga ó seu idioma / Por falar en estrangeiro".

(90) *A gaita gallega*, p. 11.

Crítica o feito de que nas escolas non se ensine o galego e laméntase diso, pois é a causa de que os galegos non poidan le-la lingua que falan:

“Toma, toma, no es extraño
Que no sepan leer gallego,
Les enseñan por ventura
En las escuelas a leerlo?” (91).

Fustiga ós enemigos do galego con palabras duras:

“Aqui mesmo, aqui en Galicia	Por lo cual ya no me admira
A doctorcillos de pelos	Que algunos viendo ese genio
Les oí que su idioma	En los gallegos, los tengan
Es tosco lenguaje, y feo,	Por cuitadíños y necios,
Impropio de gente fina	Lo cual no consentiría
Reservado á los paletos.	Ningun otro en su pellejo.
Que por lo mismo no hay libros	Y conviene que se tenga
Que espiquen ese dialecto,	Presente Sr. Gaitero
Ni quiere escribir en él	Que a aquel que bien no se estima
Ninguno que tenga seso.	Todos le tienen en menos” (92).

O galego vale coma tódolos idiomas, non é inferior:

“Lo encuentro fácil y dulce
Sonoro fuerte y muy lleno
Abundante, y trabajado
Será mejor que el más bueno” (93).

Pintos senta unha serie de bases da gramática galega, con criterio case sempre acertado. Fala de ortografía (do uso de *j*, *g*, *x* e *h*), de fonética, da acentuación (acento agudo para as vocais pechadas e grave para as abertas), establece unha serie de regras a base de equivalencias:

cast. *ue* = gal. *o*
 ” *e* = gal. *ei*
 ” /*x*/ = gal. /*ʃ*/
 ” /*x*/ = gal. /*ʒ*/

se ben recoñece que teñen excepcións. Tamén indica a etimoloxía latina de numerosas voces (94), con elevado acerto de interpretación e establecendo claramente a filiación do galego co latín (95).

Nalgúns aspectos Pintos é profético e pódenos valer aínda para os nosos días. El foi o primeiro grande remodelador do idioma, o primeiro en dar regras, tendo unha

(91) *A gaita gallega*, p. 34.

(92) *A gaita gallega*, p. 35.

(93) *A gaita gallega*, p. 60.

(94) *A gaita gallega*, pp. 72-96.

(95) *A gaita gallega*, pp. 59-60.

conciencia plena do valor da fala viva. O galego, coma calquera lingua, non é un abstracto, é algo vivo, o que falamos tódolos días e a iso debemos aternos:

“Ti cata Pedro no que fas co as regoas
E atende mais ò uso que è o maestro
Seguro sempre pois aquelas fallan
Cando un se pensa ter maor acerto” (96).

O uso é o fundamental, pois unha lingua inventada sempre será artificial. Por iso recomenda o estudio do galego vivo. A unificación non sería difícil seguindo o criterio por el indicado:

“Yo no reprendo nada. Solo digo
Que es criminal desidia en los gallegos
No dedicarse a recojer su idioma
Que bien merece algun estudio serio.
Y si se unieran tres compostelanos
Con otros tres del orensano suelo
De Pontevedra tres y tres de Lugo
Que una docena forma ese colegio
Dentro de poco se uniformaria
Todo el lenguaje de este antiguo reino” (97).

Noutro lugar Pintos insiste no uso do idioma e na necesidade de recolle-la fala polas aldeas e vilas:

“Si non se imprime en Galicia	Po las aldeas é vilas,
Un triste libro en gallego	E cuiden de recollelo,
E catro farafullañas	De compolo e arrombalo,
Se gaban de non sabelo,	E facer un todo inteiro,
Poida que non tarde muito	Juro a Dios volvo a decire,
En andar o idioma impreso	Que ha de ser un gusto velo
E que se lle suba às barbas	Chegar a donde chegaron
A outros que andan mui tesos.	Os outros, e en anos menos,
E aposto cento por un	E mas inda rebasalos,
E mais poño o que non teño	E deixalos ben arredro.
Que si catro galleguiños	E saiban os da perguiza
Das catro esquinas do reino	Que sin traballo e sin tempo
Se sacoden, co él abrochan	Ninguen fixo nunca nada
Con patriótico empeño	Nin se fará sin comenzo” (98).

Cheo de esperanza, profético, o famoso escritor anima ós estudiosos a traballar na progresión do idioma, mellorándoo, facéndoo máis doce, varréndolle o cangallo e depurándoo, combinándolle voces novas e facéndoo máis rico:

(96) *A gaita gallega*, p. 71.

(97) *A gaita gallega*, p. 69.

(98) *A gaita gallega*, p. 37.

"Ah de Dios, dicen alguns,	Escriban tod'os que saben
Que gramatica non temos	O noso idioma gallego;
Nin dicionario tampouco	Fáganse dimpois apuntes
De sinificados cheo!	O millor sempre escollendo;
Mã barredeira vos barra	Redondeese o language
Fato de parvos é lerdos!	Como tod'os mais fixeron,
Que gramatica estudiaron	Que gramaticas dimpois
Moises nin tampouco Homero?	E dicionarios a centos
E non fono os escritores	Veredes po los mercados
Millores do mundo inteiro?	E nas tendas dos libeiros" (99).

A obra de Pintos ten unha importancia excepcional e puido servir de punto de partida para un estudio exhaustivo e completo do idioma. Aínda que teña erros, coma noutros escritores, en conxunto a lingua de Pintos está a maior altura cá utilizada polos que viñeron despois del e o seu labor foi unha das grandes ocasións perdidas para empezar coa unificación do noso idioma. Tal vez polo mesmo motivo que el indica con pesimismo:

"Alabo repito el noble empeño de escitar á nuestros paisanos á que estudien y uniformen su dulcísimo dialecto. Admiro las primicias que con tal objeto vas ofreciendo en el altar de la Patria; pero desengáñate, poco ó ningún fruto sacarás de ese trabajo literario por ahora" (100).

Tiña toda a razón o grande estudioso. Non se foi mellorando a situación. Non se chegou a unha unificación de criterios, máis ben foise empeorando a calidade da lingua literaria progresivamente, en especial xa coa entrada do século actual.

Con todo, ollado historicamente, este feito ten unha importancia limitada. ¿Que nos interesa hoxe que Rosalía teña un gallego con moitos castelanismos ou que ningún escritor da súa época estea libre de elementos espurios? Para min é pura anécdota. O fundamental é que escribiron en gallego, que contribuíron ó rexurdimento da lingua, que alumearon o facho que mantería viva xa a tradición escrita ata os nosos días. Por culpa deles estivemos nós a facer un Congreso sobre unha das figuras máis representativas das nosas letras. ¿Que poden importar entón os erros? O que importa é o uso da lingua. E ben contentos poderíamos estar se o exemplo deles fose seguido por tódolos escritores galegos do seu tempo e por tódolos galegos. Aínda que escribisen dunha maneira moi cativa. Deámoslle entón honra a Rosalía e ós escritores en gallego da súa época, porque sen eles probablemente hoxe a nosa lingua non estaría nunha situación tan esperanzadora como se atopa.

(99) *A gaita gallega*, pp. 37-38.

(100) *A gaita gallega*, p. 175.